

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2008/12
CARACTER: ORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 17 de novembro de 2008

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas do día **17 de novembro de 2008** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

(incorpórase unha vez iniciada a sesión)

D.Horacio Cupeiro Rodriguez

Polo Grupo do P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina

D. José Duarte Díaz

Dona Begoña Sanjurjo Santar

D. Jesús López Penabad

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Balbino Pérez Vacas

D. Ramón López Pérez

Dona Maria José Rodriguez Arca.

Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas Álvarez

Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario:

D. Manuel Díaz Sánchez.

Interventora:

Dona Olalla Alvarez de Neyra Martínez.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por riguroso orde.

2008/01/75.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, ORDINARIA DE 15 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIAS E URXENTES DE 24 DE SETEMBRO E 20 DE OUTUBRO DE 2008.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia dos borradores das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2008/02/76.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DITADAS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA DENDE A NÚMERO 179 DE 1 DE SETEMBRO DE 2008 Á NÚMERO 234 DE 31 DE OUTUBRO DE 2008.

Dase conta das resolucións epigrafiadas iniciándose deliberación ao respecto. Intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez, do Grupo municipal de UPRI que pregunta á Alcaldía sobre un pago de 820 euros á empresa Celta Prix_ que aparece reflectido no correspondente Decreto, preguntando se hai contrato de mantemento e respostándose pola Alcaldía que descoñece agora mesmo esta cuestión.

De seguido pregúntase polo Sr.Rivas Alvarez igualmente polo aluguer dun escenario a empresa Jose Bouza e fillos S.L. , por importe de 4.060 euros preguntando de onde é e respostándose pola Sra.Concelleira de Cultura que é unha empresa de Pontevedra, o que ocasiona unha nova pregunta do Sr.Rivas Alvarez de se non hai algunha mais cerca e respostándose pola Sra.Concelleira que non hai ningunha que sexa mais barata, e que tivera esas dimensións de escenario.

Formula unha nova pregunta o mesmo Concelleiro respecto a un Decreto de subministro de 300 exemplares dun denominado “ Tren do amor” na Voz de Galicia que lle chamou a atención.

O Sr.Alcalde contesta que tamén lle chamou a atención e que debe ser correspondente a actividade de A Todo tren, un especial que se fai tamén e que se facía dende fai cinco ou seis anos e que tamén lle parece un tanto vulgar a denominación.

O Sr.Rivas Alvarez tamén sinala que preguntou en plenos pasados polos gastos de son e iluminación e que lle chaman a atención os gastos innumerables que se producen; tamén formula unha pregunta respecto a un Decreto de asistencia técnica de Medio Ambiente preguntando se vai con cargo á subvención e contestándose polo Sr.Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado que é subvencionado nun 70 % e que vai a parte que ten de subvención.

Tamen se formula unha nova pregunta sobre o Decreto 1362 de aboamento ao Sr.Peña Castiñeira de 2.500 euros como ponente-moderador nas Xornadas Ambientais e pregunta se paga o Concello ou a Consellería de Medio Ambiente contestándose polo Sr.Cupeiro Rodríguez que é a Consellería e que o Concello non pagou nin unha sola peseta para as xornadas e que llo pode demostrar se o quere ver.

Tamen formula unha nova pregunta o Sr.Rivas Alvarez sobre unha factura de Norcontrol , de fendas en edificios na rúa Deputación, de 14.964 euros , preguntando se pagou o Concello ou o Xacobeo, e contestándose pola Alcaldía que foi un requisito do Xacobeo ao Concello para poder proseguir coas obras. Tamén se formula unha nova pregunta sobre os Decretos 1.677 e 1678 correspondentes á cota de cofinanciación do primeiro e segundo informe da Asociación Ponte dos Santos por importes de 15.175 e 18.038,41 euros, preguntando se se pagaron estas aportacións e contestándose polo Sr.Alcalde que non o sabe e que non son os mandamentos de pago, senon os Decretos de aprobación de facturas.

Pregunta tamén o Sr.Rivas Alvarez sobre o pago a un ponente do segundo curso de Educación Infantil de A Mariña, de 280,00 euros, ao Sr.Ponte Mittelbrun e pregunta cal foi a participación do concello nestas xornadas; contestase pola Sra.Concelleira Delegada dona Mari Luz Alvarez Lastra que o fai en colaboración co IES Dionisio Gamallo Fierros que ten un módulo de Educación infantil, explicando o xeito en que se produce a participación e sinalando que este ano, a tenor da matrícula, despois de facer os pagos quedou un superavit.

Asimesmo pregunta o Sr.Rivas Alvarez respecto a un pago de figuras de Sargadelos para as Xornadas Ambientais e se foi pagado pola Consellería, e o Sr.Cupeiro Rodríguez, dí que totalmente.

Formula tamén unha pregunta o Sr.Rivas Alvarez, polo Decreto 1918 dun pago a INVARE correspondente a enganche de caixa contenedora respostándose polo Sr.Cupeiro Rodríguez que a empresa INVARE recolle todos os contenedores de cartón e papel e ademais decidiuse facer a recollida de cartón porta a porta, explicando o funcionamento, e que responde ao período xuño,xullo e agosto de 2008. O Sr.Rivas formula a pregunta de se hai contrato xa que o punto limpo está adxudicado a unha empresa. Polo Sr.Cupeiro Rodríguez se manifesta que o financiamento é aproximadamente para este novo servizo de 50 % Ecoembes e 50% Concello, de momento.

Pregunta asimesmo o Sr.Rivas Alvarez sobre un pago de 22.128 euros correspondente a un informe de E-plus, contestándose pola Alcaldía que non sabe se se pagou.

Pregunta tamén o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI sobre o subministro de 10 taboleiros , pizarras, mesas, etc. por importe de 4.850 euros e pregunta a donde se destinou, se ás parroquias, aos telecentros, etc. manifestando o Sr.Alcalde que non recorda, que pode mirar na factura e contestar despois, e que pensa que serían para os Telecentros, que mañá o miran e darán toda a información.

Formula unha nova pregunta o Sr.Rivas Alvarez sobre os Decretos 2088 e 2089 de AQUAGEST relativos a cánon de saneamento do Campo de fútbol e do CEIP Gregorio Sanz e pregunta se non se estabba pagando e significa que lle parece desproporcionado.

Por Intervención e por Secretaría se explica sucintamente de que cánon se trata e de que corresponde a auga que é gratuíta para o concello por parte do concesionario.

Pregunta igualmente o Sr.Rivas Alvarez sobre unha publicidade de actuación no Auditorio de “Ares no camiño” de 1740 euros, e en “La Voz de Galicia” e se foi un ou varios días. O Alcalde manifesta que non dispón do dato e que contestará noutro momento.

Pregunta tamén o Sr.Rivas Alvarez sobre un Decreto de Intervención de discrepancia coas nóminas do mes de agosto e Decreto da Alcaldia rexeitando e manifesta que é a segunda vez que pasa e pregunta se pode ter acceso mañá. O Sr.Alcalde lle contesta que pode ter acceso pola vía ordinaria e que se lle da sen problema.

A continuación formula varias preguntas o Sr.Lopez Pérez do Grupo Municipal Socialista igualmente dirixidas aos órganos de goberno municipais.

Formula unha primeira pregunta relativa á Aula da Natureza ou de Interpretación da Ría, en Santa Cruz, sobre se está funcionando, xa que á vista dos Decretos lle chamou a atención o consumo eléctrico de dous recibos, un de 563 euros e outros de 304 euros e se non é un erro de BEGASA de que se trata.

O Sr.Concelleiro delegado de Medio Ambiente, Sr.Cupeiro Rodríguez, lle contesta que en xullo e agosto, houbo tres ou catro visitas de colexios, pero que ignora como se puido producir ese gasto, que aparte diso so asiste a Sra.da limpeza e que non coñece outra causa, e que podería ser unha derivación a terra. O Sr.López Pérez pide que se mire esta cuestión.

Formula tamén unha pregunta sobre un Decreto aprobatorio dunha publicidade no día da Patria Galega, de 329 euros e pregunta que se publicou,

contestándose pola Alcaldía que foi o anuncio habitual que se fai para o día da Patria Galega ou Día de Galicia, como en tantos anos que se publicou en Corporacións anteriores.

Formula asimesmo unha pregunta o mesmo Concelleiro sobre a factura dunha comida con motivo da sinatura do protocolo de SEPES, e que non quere entrar no importe da factura, pero si en que asistiron 25 persoas e que lle chamou a atención.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que pode explicalo, xa que lle pareceu fundamental que houbera a subestación e que no acto de sinatura do protocolo houbo tres ou catro persoas de Eon, entre catro e seis de SEPES, os seus choferes, outros tantos membros da Consellería de Innovación e Industria, xunto co Alcalde con algún Concelleiro e prevendose iso, pactou un menú co restaurante para que a cuestión non se levara fora de cauce, e foron 22 persoas pero está orgulloso polo que se resolveu; prosegue explicando o Sr.Alcalde que o Concello non aportou nada e sempre dixo que o que poñía era o Salón para a sinatura e a comida, e realmente foi para un importe de 6 ou 7 millóns a que ascende o protocolo e o Concello non podía aportar nada a ese financiamento.

Pregunta asimesmo o Sr. López Pérez sobre unha factura que non é nada aclaratoria, dun viño español co gallo da Volta a Asturias a vela, por importe de 424 euros e non sabe se estivo o Alcalde, o Concelleiro de Deportes, os regatistas, etc. ; que non quere dicir que no estea ben obsequiado, pero deben saber algo mais, e que para iso está o control da oposición, e a factura orixinal non pon absolutamente nada.

Contesta o Sr.Concelleiro Delegado de Deportes don Vicente Castro Reigosa explicando que foi un viño e pinchos para os regatistas , xurado, etc. no bar do Náutico, pero que ten razón o Sr.Lopez Pérez en que a factura non aclara como debería; deliberase sobre este último aspecto entre o Concelleiro e o Sr.López Pérez.

Asimesmo polo Sr.López Pérez pregúntase sobre outro Decreto en relación coa ximnasia nas parroquias, que leva consigo unha cea, toda vez que aparece unha factura dunha cea nos Decretos e pregunta se o paga o Concello. Polo Sr.Alcalde respóntase que dende hai seis anos se efectúa, e que non é novo o deste ano, e que se fai unha cea aportando os usuarios 10 euros e o Concello o resto, e se pecha en 5 euros de aportación municipal.

Por parte do Sr.López Pérez se contesta que este ano foi con 7 euros por corresponsal aboados.

Sen mais cuestións dase por rematado o trámite de dación de conta ao Pleno Municipal das Resolución da Alcaldía epigrafiadas.

2008/03/77.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NOS CENTROS ESCOLARES DO MUNICIPIO A TENOR DA NECESIDADE DE RENOVAR OS CONSELLOS ESCOLARES.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de data 13 de novembro de 2008, que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia á vista de que se ten solicitado por diversos Centros escolares de Ribadeo a designación dun representante para formar parte do Consello Escolar de conformidade co disposto no Decreto 92/1988, de 28 de abril e Decreto 324/1996, de 26 de xullo

PROPONSE ao Pleno do Concello adopte, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, os acordos seguintes:

1º. Manter ou designar de novo segundo se estime procedente os correspondentes representantes municipais, titulares e suplentes, nos Centros que se reseñarán de seguido, de acordo co artigo 126 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación:

- a.- Colexio Público Gregorio Sanz.
- b.- IES Porta da Auga.
- c.- IES Dionisio Gamallo Fierros
- d.-Escola de Idiomas.

2º. Manter ou designar un representante na Comisión de escolarización a que se refire o Decreto 30/2007, de 15 de marzo regulador da admisión do alumnado en Centros docentes sostidos con fondos públicos que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.”

Iníciase deliberación, e por unanimidade dos membros da Comisión, acórdase o nomeamento como representantes municipais nos Centros educativos da localidade dos sres.Concelleiros seguintes:

- a.- Colexio Público Gregorio Sanz, D.Ramón López Pérez como titular e dona María José Rodríguez Arca, como suplente.
- b.- IES Porta da Auga. Dona Begoña Sanjurjo Santar como titular.
- c.- IES Dionisio Gamallo Fierros, D. Vicente Castro Reigosa como titular e como suplente dona Mari Luz Alvarez Lastra.

d.-Escola de Idiomas. D. Francisco Rivas Alvarez como titular e como suplente don Agustín Reymondez Gancedo.

e) Comisión de escolarización: Titular don Fernando Suárez Barcia e suplente dona Begoña Sanjurjo Santar.”

A Corporación, por unanimidade, en votación ordinaria, sen promoverse deliberación acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa e polo tanto designar como representantes municipais nos Centros educativos da localidade aos sres. Concelleiros e Concelleiras seguintes:

a.- Colexio Público Gregorio Sanz, D.Ramón López Pérez como titular e dona María José Rodríguez Arca, como suplente.

b.- IES Porta da Auga. Dona Begoña Sanjurjo Santar como titular.

c.- IES Dionisio Gamallo Fierros, D. Vicente Castro Reigosa como titular e como suplente dona Mari Luz Alvarez Lastra.

d.-Escola de Idiomas. D. Francisco Rivas Alvarez como titular e como suplente don Agustín Reymondez Gancedo.

e) Comisión de escolarización: Titular don Fernando Suárez Barcia e suplente dona Begoña Sanjurjo Santar.”

2008/04/75.-HOMENAXE A DON LEOPOLDO CALVO SOTELO Y BUSTELO NO CABODANO DO SEU PASAMENTO.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de 13 de novembro de 2008 que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia dase conta da súa proposta que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia á vista do ditaminado pola Xunta de Portavoces de data 3 de outubro de 2008 e de conformidade co comentado con membros da familia respecto á posibilidade dun homenaxe conmemorativo a don Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo con motivo do cabodano do seu paramento,

PROPONSE ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro.- A edición dun opúsculo coa colabouración da familia Calvo Sotelo e o Concello de Ribadeo, baixo o criterio corporativo de que polo que atinxe ao Concello colabouren nesta obra de homenaxe todos os ex_alcaldes de Ribadeo no período democrático.

Segundo.- A instalación dun elemento conmemorativo para colocar no entorno da Ría de Ribadeo nun lugar e cunhas características consensuadas coa familia, e que será encargada a un escultor de recoñecido prestixio e consensuado igualmente coa familia, ralizándose unha cuestación popular encabezada polo concello que en todo caso garantirá a execución do referido elemento.

Terceiro.- A iniciación dun expediente para a concesión da medalla de ouro de Ribadeo a título póstumo, de conformidade coa previsión do artigo 10 do Regulamento Especial de Honras e Distincións do Concello de Ribadeo aprobado en sesión plenaria de 9 de maio de 2005, seguíndose o procedemento legalmente establecido e nomeándose como instructor/a do procedemento segundo se propoña pola Comisión Informativa.”

Iníciase deliberación dándose conta pola Alcaldía-Presidencia das conversas que tivo coa familia sobre este asunto, deliberándose polos Sres.Concelleiros sobre os diversos aspectos que revisten as propostas da Xunta de Portavoces.

De seguido, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Iníciase a deliberación preguntando o Sr.Alcalde aos membros da Corporación sobre o instructor que procede designar.

O Sr.Pérez Vacas, do PSOE, intervén manifestando que respecto á primeira reunión que se fixera sobre esta cuestión do homenaxe hai un cambio respecto á estatua. Polo Sr.Alcalde explícase que como todo que se faiga será consensuado coa familia e tiveron a precaución de poñer elemento conmemorativo sen definir especificamente cal sexa.

O Sr.Pérez Vacas igualmente manifesta que considera que debe se-lo Alcalde quen designe o Instructor, extremo que é asentido por todos os outros membros da Corporación.

O Pleno, polo tanto, manifesta por unanimidade, o seu criterio de delegar no Alcalde o nomeamento do Instructor.

O Sr.Alcalde propón que para tratar aspectos do asunto se reúnan os portavoces despois da sesión.

Sen promoverse mais deliberación, polo Pleno Municipal , por unanimidade, en votación ordinaria acórdase:

Primeiro.- A edición dun opúsculo coa colabouración da familia Calvo Sotelo e o Concello de Ribadeo, baixo o criterio corporativo de que polo que atinxe ao Concello colabouren nesta obra de homenaxe todos os ex_alcaldes de Ribadeo no período democrático.

Segundo.- A instalación dun elemento conmemorativo para colocar no entorno da Ría de Ribadeo nun lugar e cunhas características consensuadas coa familia, e que será encargada a un escultor de recoñecido prestixio e consensuado igualmente coa familia, realizándose unha cuestación popular encabezada polo concello que en todo caso garantirá a execución do referido elemento.

Terceiro.- A iniciación dun expediente para a concesión da medalla de ouro de Ribadeo a título póstumo, de conformidade coa previsión do artigo 10 do Regulamento Especial de Honras e Distincións do Concello de Ribadeo aprobado en sesión plenaria de 9 de maio de 2005, seguíndose o procedemento legalmente establecido e delegándose na Alcaldía-Presidencia o nomeamento do instructor/a do procedemento.

Cuarto.- Facultase igualmente á Alcadia-Presidencia para a realización de todos cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

2008/05/76.-ACORDO DE INCORPORACIÓN Á ASOCIACIÓN “VILLAS MARINERAS”

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe literalmente:

“Pola Alcaldía-Presidencia, á vista da necesidade de formaliza-la participación deste Concello na Asociación Villas Marineras , de conformidade co esixido pola mesma, e á vista dos Estatutos, considerando o interese que para Ribadeo representa a participación na mesma, de conformidade co art. 22.2.b da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, proponse ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. Aprobar a incorporación do Concello de Ribadeo á Asociación “Villas Marineras”.

2º. Aproba-los Estatutos da citada Asociación.

3º. Aproba-lo gasto correspondente a cota anual que se aprobe na Asamblea Xeral e crear partida presupostaria para a mesma e que en 2008 corresponde a 8.000,00 euros.

4º. Nomear ao Sr.Alcalde-Presidente don Fernando Suárez Barcia para que represente ao Concello de Ribadeo.

5º. Designar a Dona Mónica Barcia Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, para que represente ao Concello de Ribadeo no Comité Técnico.”

A Comisión, por unanimidade, en votación ordinaria, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos seus propios termos para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Polo Sr.Alcalde maniféstase que o Concello estaba xa “ de facto” efectuando unha sucinta explicación.

De seguido, polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, sen promoverse deliberación, acórdase:

1º. Aprobar a incorporación do Concello de Ribadeo á Asociación “Villas Marineras”.

2º. Aproba-los Estatutos da citada Asociación.

3º. Aproba-lo gasto correspondente a cota anual que se aprobe na Asamblea Xeral e crear partida presupostaria para a mesma e que en 2008 corresponde a 8.000,00 euros.

4º. Nomear ao Sr.Alcalde-Presidente don Fernando Suárez Barcia para que represente ao Concello de Ribadeo.

5º. Designar a Dona Mónica Barcia Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, para que represente ao Concello de Ribadeo no Comité Técnico.”

2008/06/77.-ADOPCIÓN DE ACORDOS RELATIVOS ÁS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DO CONCELLO.

Dase conta do ditame da Comisión informativa que se transcribe de seguido:

“Pola Presidencia dase conta da proposta en relación ao asunto epigrafiado que se transcribe de seguido:

“Pola Alcadia-Presidencia a vista de que durante o mandato anterior se acordou que se recolleran nas actas das sesións plenarias con carácter xenérico as intervencións dalgúns Concelleiros na súa totalidade e literalidade, ademais de gravarse as sesións, pedíndose incluso nalgúns momentos que constara literalmente as despostas ás preguntas formuladas nas sesións plenarias ordinarias, e que na práctica as actas das sesións plenarias se veñen convertindo nunha especie de diario de sesións que ten distinta natureza, e se segue mantendo a gravación íntegra das sesións.

Considerando, que a vixente regulación establecida no artigo 109 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e que no mesmo se recolle a obrigatoriedade da acta na que conste: “ 1. De cada sesión el secretario extenderá acta en la que habrá de constar:

- a. Lugar de la reunión, con expresión del nombre del municipio y local en que se celebra.
- b. Día, mes y año.
- c. Hora en que comienza.
- d. Nombre y apellidos del Presidente, de los miembros de la Corporación presentes, de los ausentes que se hubiesen excusado y de los que falten sin excusa.
- e. Carácter ordinario o extraordinario de la sesión, y si se celebra en primera o en segunda convocatoria.
- f. Asistencia del secretario, o de quien legalmente le sustituya, y presencia del funcionario responsable de la intervención, cuando concurra.
- g. Asuntos que examinen, opiniones sintetizadas de los grupos o miembros de la Corporación que hubiesen intervenido en las deliberaciones e incidencias de estas.**
- h. Votaciones que se verifiquen y en el caso de las nominales el sentido en que cada miembro emita su voto. En las votaciones ordinarias se hará constar el número de votos afirmativos, de los negativos y de las abstenciones. Se hará constar nominalmente el sentido del voto cuando así lo pidan los interesados.
- i. Parte dispositiva de los acuerdos que se adopten.
- j. Hora en que el Presidente levante la sesión.

2. De no celebrarse sesión por falta de asistentes, u otro motivo, el secretario suplirá el acta con una diligencia autorizada con su firma, en la que consigne la causa y nombres de los concurrentes y de los que hubieren excusado su asistencia. “

Sendo evidente que calquera dos membros da Corporación pode, no curso dunha das súas intervencións orais, solicitar do Secretario que se fagan constar especialmente as súas palabras na acta, ao que éste non pode facer obxección algunha, non hai que esquecer que a misión de Secretaría é configurar un extracto do sucedido, e que as transcripcións literais, con carácter xeral non poden esixirse dende un punto de vista estritamente legal.

Ao mesmo tempo este criterio tamén se mantén nas sesións plenarias do Congreso ou do Senado xa que unha cousa é o Diario de sesións e outra o Libro de Actas e estas.

Asimesmo se considera pola Alcaldía que mantendo o disposto no artigo 109 do R.O.F. e reflectíndose sucintamente as opinións emitidas dos Grupos ou membros da Corporación garantízase realmente a liberdade dos mesmos

evitando que no apasionamento temporal do momento nun determinado debate se desvirtúen a reais posicións dos Grupos ou das persoas.

Elo non ten porqué impedir que se efectúe unha transcripción literal en determinadas ocasións, como algún rogo ou pregunta ou unha Moción, ou dunha parte esencial dunha intervención pero sempre que elo non se convirta en práctica habitual.

Por todo isto

PROPONSE ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes en materia de actas de sesións:

Primeiro.- Que no sucesivo as actas das sesións volten a efectuarse de conformidade co disposto no artigo 109 do R.O.F. e disposicións concordantes, non efectuándose transcripcións literais, senon sintéticas agás nos momentos en que por petición expresa dun Concelleiro ou Grupo conste especialmente as súas palabras na acta.

Segundo.- Manter o sistema de gravación para as oportunas aclaracións ou resolución de dúbidas que puideran xurdir sobre os matices ou aspectos especiais das intervencións ou opinións emitidas que puideran ser de interese político para os membros Corporativos.”

Por parte da Alcaldía resúmese en que sobre este aspecto trátase de que se volte a como se viña facendo.

O Sr.López Pérez pola súa parte manifiesta que unha vez lida a proposta o seu Grupo está de acordo coa mesma.

Deliberase sobre a cuestión e no seo da mesma polo Sr.Rivas Alvarez proponse que se envíe a gravación das sesións polo menos aos portavoces en MP3 ou en MP4. Incidentalmente por parte do Sr.Alcalde se manifesta que se ten pensado colgar tanto as actas das sesións como as propias gravacións na pax. Web do concello que está en elaboración.

Por parte do Sr.Castro Reigosa, asimesmo proponse que se envíen as actas das sesións por correo electrónico aos Concelleiros, sinalándose por Secretaría que pode facer pero que hai que garantir o dereito á recepción da acta dos Concelleiros que non dispoñen de correo electrónico.

Acórdase como froito da deliberación, por unanimidade que se envíe aos portavoces ademais da acta a gravación en MP3 ou MP4 das sesións e que se envíen as actas por correo electrónico aos concelleiros que dispoñan de correo que deberán facilitalo á Secretaría Xeral da Corporación, e asimesmo que se colguen as actas na pax. Web.

Tras da deliberación, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase ditaminar favorablemente para a ´sua aprobación polo Pleno municipal a proposta da Alcaldía co engadido efectuado na Comisión informativa respecto ao envío das gravacións en MP3 ou MP4 e ao envío das actas por correo electrónico aos Sres. Concelleiros que dispoñen do mesmo, así como incluír na páx. Web do Concello toda esta información.”

De seguido, polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria, sen promoverse deliberación acórdase:

Primeiro.- Que no sucesivo as actas das sesións volten a efectuarse de conformidade co disposto no artigo 109 do R.O.F. e disposicións concordantes, non efectuándose transcripcións literais, senon sintéticas agás nos momentos en que por petición expresa dun Concelleiro ou Grupo conste especialmente as súas palabras na acta.

Segundo.- Manter o sistema de gravación para as oportunas aclaracións ou resolución de dúbidas que puideran xurdir sobre os matices ou aspectos especiais das intervencións ou opinións emitidas que puideran ser de interese político para os membros Corporativos.”

Terceiro.- O envío aos portavoces ademais da acta, da gravación en MP3 ou MP4 das sesións e o envío das actas tamén por correo electrónico aos concelleiros que dispoñan de correo que deberán facilitalo á Secretaría Xeral da Corporación, así como a publicación das actas na páx. Web do Concello.

2008/07/78.-ADHESIÓN Á CARTA EUROPEA PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NA VIDA LOCAL SEGUNDO PROPOSTA DO CONSELLO DE MUNICIPIOS E REXIÓNS DE EUROPA E A FEMP.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía dase conta da súa proposta que se transcribe a continuación:

“Pola Alcaldía-Presidencia á vista da Carta Europea para a igualdade de mulleres e homes na vida local elaborada e promovida polo Consello de municipios e rexións de Europa e que tivo o apoio da Comisión Europea no marco do V Programa de Acción comunitaria para a igualdade de mulleres e homes e que foi respaldada entre outros pola Federación Española de Municipios e Provincias , a Asociación Vasca de Concellos e diversas Organizacións Internacionais e Entidades Locais

PROPONSE ao Pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro: A adhesión á Carta Europea para igualdade entre mulleres e homes na vida local e a cumprir co que se establece na mesma.

Segundo.-A remisión de certificación acreditativa do acordo e co formulario correspondente á Secretaría Xeral do Consello de Municipios e rexións de Europa.

Terceiro.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

A Comisión, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma para a súa aprobación polo Pleno Municipal.”

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro: A adhesión á Carta Europea para igualdade entre mulleres e homes na vida local e a cumprir co que se establece na mesma.

Segundo.-A remisión de certificación acreditativa do acordo e co formulario correspondente á Secretaría Xeral do Consello de Municipios e rexións de Europa.

Terceiro.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

2008/08/79.-MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA 2009.

Dase conta do ditame da Comisión informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta pola Sra. Interventora a instancia da Alcaldía da modificación proposta que incrementa as Ordenanzas fiscais vixentes no seu conxunto no IPC interanual.

Obra no expediente a proposta da Alcaldía que se incorpora como anexo.

Iniciase deliberación sinalándose pola Sra. Interventora que hai un informe seu no expediente e que se tomou o IPC interanual de setembro como se fai sempre e que hai dúas cuestións mais unha a Ordenanza do mercado para que os postos non teñan mais de 40 m² agás camións que o superen, e se modifica a Ordenanza da Escola de música unicamente no punto de permitir o fraccionamento de pago cando sexa para unha unidade familiar que aboa mais de 400 euros.

Intervén o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que dí que por iniciar o debate manifesta que se reserva para o Pleno pero que queren deixar constancia xa hoxe de que en tempos de crise hai que adoptar medidas de

crise e que o 4,5 de IPC está baixando nos últimos tempos con moita celeridade e entón que este IPC lles parece moi alto sobre todo cando hai unha tendencia á baixa.

O Sr.Castro Reigosa pola súa parte dí que no momento da convocatoria era o IPC que había.

O Sr.Pérez Vacas contéstalle que a situación da crise mundial é excepcional e o Sr.Pérez Vacas en deliberación co Sr.Castro Reigosa, manifesta que poden utilizar outro IPC.

O Sr.Pérez Vacas reitera que non todos os anos hai unha crise mundial como a que lles toca vivir.

O Sr.Alcalde pola súa parte manifesta que cre que no informe da Intervención se fai referencia a que unha grande parte das Ordenanzas non cubren os servizos nin dende lonxe e aí referencia nese aspecto ao disposto na Lexislación das Facendas Locais, e que tal cobertura non se daría nin aínda subindo o 10 por cento.

O Sr.Reymondez Gancedo manifesta que o Grupo de UPRI se reserva para o Pleno.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular se dí que cun razoamento similar ao do PSOE en momento de crise van votar a favor xa que nestes momentos pola ausencia de ingresos de concesión de licenzas, etc. impide ter ingresos ao Concello, e sería malo que encima o Concello perdese o IPC, e lle parece que a imputación do 4,5 % é máis levadeiro que a eliminación dese 4,5 % ao Concello en xeral, e que para que haxa boa gobernabilidade ten que haber fondos.

O Sr.Alcalde dí que é difícil facer cousas se non hai recursos.

O Sr.Concelleiro Delegado de Facenda, don Vicente Castro Reigosa, dí que lle roubaron os argumentos, e o Sr.Alcalde dí que debe facer constar que aínda que cada Corporación é soberana e que cada Grupo fai o que lle parece, dende que é Concelleiro quen está no uso da palabra, agás cando unha Ordenanza sufría máis modificacións que o IPC ninguén cuestionaba nunca o IPC e cando estaba o PP gobernando con maioría absoluta o BNG non tiña nada que dicir ao IPC pero se subían algo o 15 ou 20 % xa se discutía, e fai referencia a que o mesmo sucedeu co goberno de coalición anterior e que considera que isto é rechamante.

A Comisión informativa, por catro votos a favor dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PP e tres abstencións dos membros dos Grupos Municipais Socialista e de UPRI, acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a proposta da Alcaldía de modificación das

Ordenanzas fiscais para o ano 2009 nos seus propios termos tal e como foi presentada.”

Incíciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Alvarez, do Grupo municipal de UPRI, que manifesta que a situación de fai unhas anos non é a de hoxe, e fai referencia a que o 4,5 % de incremento das taxas vai agobiar mais as economías familiares, e que outros concellos propuxeron o 2,5 % e que pensa que non é o mellor utilizar o IPC e que o que se recauda se vai en gastos sen resultado, como publicidade, aluguer de equipos, etc. manifestando o seu desacordo coa proposta da Alcaldía, e que está de acordo cos argumentos do portavoz socialista e que o seu Grupo vai votar en contra.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas, do Grupo municipal socialista, que manifesta que van a retomar o argumento utilizado na Comisión informativa e que entende que están nunha situación excepcional, que esixe medidas excepcionais; que cando gobernaban as subas efectuábanse no IPC e non había obxexión, e que hai unha situación excepcional de crise mundial e ten o Concello a oportunidade de que non se repercute tanto e que se se toma o IPC de outubro a outubro e do 3,60% ; prosegue sinalando o Sr. Pérez Vacas que non lle vale o argumento de recadar e que está farto de oír ao Partido Popular que se busquen outras vías de financiación e fai referencia tamén a unha Moción de austeridade no gasto público referíndose a unha Moción do seu grupo (do PP) que descoñece porque non está no Pleno.

Reitera o Sr. Pérez Vacas que se lle tiraba como “arma arroxadiza” o argumento doutras vías de financiación cando era Alcalde e reitera que o IPC de outono é o 3,60 % e os indicadores económicos están á baixa, e que se podía buscar unha solución, e que polo tanto van a votar que non.

Intervén de seguido o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que ironiza que coas cousas que leva escoitado polas subidas de taxas e prezos, que agora as leve tamén porque lle pareza ben o IPC é unha situación curiosa; que considera que estando en crise optar pola demagogia é perigoso e que vendéndolle aos cidadáns que se preocupan por eles se lles pode prexudicar. Fai referencia a que o vado que ten un importe de 29,60 euros, e segundo se incrementa no 4,5 % ou no 3,6 % estase a falar de 27 cms. de euro ao ano, é dicir de 45 ptas., e pide que sexan serios; que se tamén se ten en consideración que a taxa mais forte é a de caixeiros automáticos, e o seu importe é de 27 euros/ano para un banco.

Manifesta tamén o Sr. Rodríguez Andina que considera que taciña a taciña, ou grao a grao se vai recadando, e que a iso se foi referindo cando nun momento de crise mantén un criterio distinto ao do PSOE, e non lle oíu a ninguén propoñer un incremento do cero por cento, e que a discusión non é esa, e que hai que asumir que o Concello ten suspendidas as licenzas de obra, e que o PP non é responsable de gobernar, pero si de que faga cousas o goberno, e non poden se non teñen cartos, e logo terán que esixirlles que fagan cousas prácticas e que non os gasten en publicidade, e considera que non incrementan a crise familiar coa subida proposta.

Intervén a continuación o Sr. Castro Reigosa, como concelleiro delegado de Economía e Facenda que manifesta que a diferenza dun a outro IPC ten unha repercusión menor, como xa explicou o Sr. Rodríguez Andina pero que para o Concello e para a súa situación económica tamén hai un carácter de excepcionalidade, é crítico, e supón o IPC non quedar desfasado ano tras ano, e a non repercusión no IPC agora implicaría tomar medidas máis drásticas para o futuro; que considera que é de responsabilidade subir o IPC segundo se propón, e é como se debe facer todos os anos e as subidas precisas para a autofinanciación terían que ser, segundo os casos, dun 10, 20 ou 30 % e que non se vai tardar en debatir os presupostos e lles gustaría a mesma austeridade para o gasto por parte dos Grupos da oposición cando chegue a hora de facer propostas aos presupostos.

Volta a intervenir o Sr. Rivas Álvarez, do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que puxeron un exemplo co do 2, 5 % pero que debíase subir no 0 % e que puxeran o exemplo de Viveiro e que se tan pouco é o que se recada, pregunta porqué se sube; ao mesmo tempo se non hai licenzas de obra e se a situación económica é caótica, UPRI non contribuíu a iso, e non é a súa responsabilidade e que poden saír á rúa e preguntar, e que respecto á austeridade, de pouco serve se fan algúns gastos, e que vaian a dicirlle á xente coa que está a caer, que é demagogia, e manifesta que o seu Grupo vai votar en contra.

A continuación volta a intervenir o Sr. Pérez Vacas, do Grupo municipal socialista que sinala que quere facer mención a qué quen fai demagogia é o Sr. Rodríguez Andina en relación aos vados, e que é preferible que veña con máis frecuencia o Presidente do Partido Popular pola Mariña porque os populares en Viveiro propoñen o 2, 5 % de incremento e aquí demagogia é a do Sr. Rodríguez Andina e non a do PSOE.

O Sr. Rodríguez Andina pola súa parte contesta que é curioso que quen goberna en Viveiro é o PSOE, e que non sabe se está sobre a mesa unha proposta ou non, de incrementar no 2, 5 % e se a de UPRI é do 0 % de suba, e non sabe polo tanto como están as propostas agora mesmo.

Toda vez que se fai mención e se comeza a debatir sobre unha Moción presentada no mes de setembro entre varios Concelleiros, por parte do Sr. Alcalde se lles sinala que non se admite o debate entre portavoces, fora da Orde do día.

Retomado o debate volta a intervenir o Sr. Pérez Vacas que reitera que considera que non é o momento de aplicar o IPC do 4,5 por cento e que se pode aplicar outro máis beneficioso para os veciños, que non fai unha proposta alternativa, que a proposta quen a fai é o goberno e quen apoian ao goberno, que apoian a subida do IPC no 4,5 % e van votar que non, e que se viran calquera outra posibilidade xa propoñían na Comisión.

O Sr. Rodríguez Andina, manifesta que ao portavoz de UPRI hai que explicarlle as cousas, e ironiza dicindo (en relación a sí mesmo), que é malo explicando matemáticas, pero que son 27 céntimos a subida e non se dixo que se recada pouco, senon que se vai recadando pouco a pouco, e lle extraña que non se lle acabe de entender, e que en síntese coas explicacións que deu trata de dicir que esa diferenza da que se fala ao final son catro perras gordas, porque non todos pagan todas as taxas e polo tanto non vai haber o incremento que se dí, e a taxa que mais sube é para os bancos e son 27 euros ao ano.

Intervén o Sr. Alcalde que manifesta que para rematar o debate ten que reiterar os argumentos da Comisión informativa de Economía e que para determinar o IPC colleron o de todos os anos, e que cando se chegue no transcurso do Pleno a rogos e preguntas, empezarán os grupos a dicir que porqué non se fan cousas, e que tampouco é que co incremento do IPC se vaia amortizar a débeda do concello, pero se non se consegue estabilizar a “bola de neve” dificilmente poderán amañar as cousas ordinarias.

Fai referencia tamén o Sr. Alcalde a que ademais hai reclamacións dalgún fronte á Corporación por cousas ás que fai pouco se lles dixo que non e que hai un dobre discurso por parte dalgún membro da Corporación que deixa bastante que desexar, respecto ao conxunto cidadán.

De seguido , polo Pleno Municipal, por oito votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG e do PP) e cinco votos en contra (dos membros dos Grupos municipais socialista e de UPRI) acórdase:

1º. A aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais do Concello para o ano 2009 relacionadas seguidamente de conformidade coa proposta formulada na Comisión Informativa de Facenda e Contas:

ORDENANZA FISCAL I1 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles

ORDENANZA FISCAL I2 Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas

ORDENANZA FISCAL I3 Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

ORDENANZA FISCAL I4 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T1. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local para a apertura de gabias, sondaxes e calas en terreos de uso público local, inclusive rúas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións, así coma calqueira remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T2. Taxa pola ocupación privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de contrucción, entullos, valos, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T3. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, para de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T4. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante elementos constructivos.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T5. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio público local.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T6. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con elementos con finalidade lucrativa.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T7. Taxa por expedición de documentos administrativas a instancia da parte.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T8. Taxa por tramitación de licencias ou autorizacións administrativas de autotaxis de demais vehículos de aluguer.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T9. Taxa pola prestación de de servicios especiais motivados pola celebración de espectáculos públicos, grandes transportes, pasos de caravana e calqueira outras actividades que esixan tales servicios.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T10. Taxa por tramitación de licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana, e por tramitación de proxectos de urbanización, autorización de guindastres, segregacións e agregacións.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T11. Taxa por tramitación de licencias de apertura de establecementos.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T12. Taxa por prestación do servicio de teleasistencia domiciliaria.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T13. Taxa por utilización de instalacións deportivas.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T14. Taxa pola prestación do servizo de Cemiterios Municipais, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T15. Taxa por colocación de tuberías, fios conductores e cables en postes ou en galerías de servizo de titularidade do Concello de Ribadeo.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T16. Taxa polos servizos de sumidoiros, tratamento e depuración de augas residuais, incluída a vixilancia especial de sumidoiros particulares.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T17. Taxa polos servizos de recollida de lixo.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T18. Taxa por distribución de auga.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T19. Taxa polo servizo de Mercado.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T20. Taxa polo servizo de Matadoiro

ORDENANZA FISCAL NUMERO T21. Taxas por ensinanzas especiais en establecementos docentes e públicos. Escola de Música e Danza e Escolas Deportivas Municipais. Actividades deportivas no rural.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T22. Taxa pola retirada de vehículos da vía pública ou terreos adxacentes e o seu traslado ó depósito municipal e inmovilización de vehículos que se atopen estacionados en forma antirreglamentaria sen perturbar gravemente a circulación.

ORDENANZA FISCAL T23 DO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS DA BIBLIOTECA PUBLICA MUNICIPAL.

ordenanza fiscal T24 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO AUDITORIO DE RIBADEO.

ordenanza fiscal T25 REGULADORA DA TAXA POR CELEBRACION DE VODAS CIVÍS.

ORDENANZA FISCAL DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA.

2º. A exposición ao público e a tramitación conforme ao procedemento legalmente establecido e aprobándose definitivamente se non se formulan reclamacións ou suxestións fronte ao mesmo.

2008/09/80.-APROBACIÓNS INICIAIS DE REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO HOSPITAL ASILO, PREZO PÚBLICO E MODELO DE CONTRATO DE SERVIZO E IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DO PREZO PÚBLICO REFERIDO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía obrante no expediente que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia, vista da proposta formulada polos Servizos Sociais Municipais relativa á necesidade de dotarse dunha normativa regulamentaria para a residencia municipal Hospital-asilo de San Sebastián e San Lazaro, e ós efectos da normalización de funcionamento respecto os novos requerimentos que se precisan , e toda vez que o derradeiro Regulamento era de 27 de decembro de 1930.

Visto que como antecedentes , xa por Resolución da Alcaldía de 28 de xuño de 2002, á vista de que con data 17 de xuño de 2002 cesaban como xestoras as Fillas da Caridade que viñan desenvolvendo a Administración dos bens en virtude dun Convenio de colabouración de 15 de novembro de 1897, e de que con data 31 de outubro de 2002 asinouse un convenio con vixencia ata o ano 2012 entre o Hospital-Asilo municipal de San Lázaro e San Sebastián e a Congregación Marta e María, en cuxa virtude xestiona o referido Hospital Asilo Municipal, sen prexuízo das prórroga que poidan proceder.

Visto que segundo se informa polo responsables dos Servizo Social municipal é imprescindible que exista un novo Regulamento de Réxime Interno e a realización de determinados trámites administrativos como é o permiso de inicio de actividades e a necesidade de establecer un prezo público conforme ao procedemento legalmente establecido e que todo elo redundará nun mellor funcionamento do Hospital Asilo, contando co criterio favorable igualmente da Congregación que hoxe xestiona o mesmo.

Visto igualmente, que de conformidade co disposto no vixente texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións complementarias , compre a aprobación da imposición e Ordenación do Prezo Público coa súa correspondente Ordenanza.

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL a adopción dos acordos seguintes:

1º. A aprobación inicial do Regulamento de Réxime Interno que se achega cos anexos correspondentes ao prezo público e ao contrato de prestación de servizos cos usuarios, e efectuándose a correspondente exposición ao público conforme ao procedemento legalmente establecido e aprobándose

definitivamente se non se formulan alegacións , reclamacións ou suxerencias fronte ao mesmo.

2º. A aprobación inicial da imposición e ordenación do Prezo público correspondente a prestación do servizo no Hospital Asilo de San Sebastián e San Lázaro e efectuándose a correspondente exposición ao público conforme ao procedemento legalmente establecido e aprobándose definitivamente se non se formulan alegacións , reclamacións ou suxerencias fronte ao mesmo.”

Iniciase a deliberación, na que por parte do Sr.Alcalde se manifesta o carácter relevante do asunto que é delicado e sensible sinalando que vai ser o traballador social do Concello o que informe pormenorizadamente.

Por parte do Sr.Gegunde López, traballador social do Concello, se explica que o Hospital Asilo se atopa nunha situación de “alegalidade” nunha especie de limbo e foron avisados por parte de diversas Consellerías e hoxe de Vicepresidencia e que alí no Rexistro figura como un recurso municipal e que hai responsabilidade; que na situación actual existe unha ausencia de Regulamento adaptado á normativa , unha ausencia de contrato de servizo entre a residencia e os residentes e que estes elementos son necesarios para o permiso de inicio da actividade e que ademáis se deriva o prexuízo dun déficit anual que se vai acarreado; faise mención igualmente a que a fórmula de pago actual é o 80 % da pensión, tendo en conta que a maioría son pensións baixas e que hai un problema en relación aos outros ingresos, como o capital, vivendas, ou outros bens de que dispoñan que non poden hoxe terse en conta como ingresos o que supón un límite para o financiamento do Hospital Asilo.

Ademais como consecuencia diso os dependentes non poden percibir prestacións da Lei de dependencia que poden ser importantes para o financiamento. De seguido tamén por parte do traballador social se fai referencia ao contido do Regulamento proposto explicando as principais características do mesmo e dos seus anexos.

Intervén o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que di que pola súa parte que vaia por diante que van apoiar esta proposta, pero que lle xurden dúbidas respecto a dous aspectos, o primeiro deles que sucede cando non se chega a 600 euros, e coa débeda que se xenera con relación á familia, herdeiros, etc. e pregunta como se fai, e ademais quixera saber que proporción de perceptores de mais de 800 euros hai hoxe para poder valorar o impacto da Ordenanza.

Por parte do traballador social se explica que o Hospital Asilo sae mellor con esta fórmula e respecto á primeira pregunta se recolle no contrato de servizo, e fai mención de que é un prezo mais baixo que as Residencias de Valadouro ou Xove.

Por Secretaría se procede a ler o contrato de servicio coa cláusula correspondente que recolle a solidariedade do familiar co internado.

Tamén polo Sr.Pérez Vacas se formula a pregunta de se o pasar a ser prezo público estes cartos van ser ingresados nunha conta municipal e pregunta quen vai dispoñer e como.

Por parte da Sra. Interventora se menciona que non se falou dunha conta municipal, senon que a idea é que siga existindo como ata o de agora a xestión pola Comunidade.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que, toda vez que por parte do traballador social se fixera referencia aos prezos nas Residencias de Ferreira ou de Xove, porque esta é unha Residencia municipal e a outra é unha Fundación que leva a xestión dunha Residencia, e non se pode comparar igual que tampouco coa Residencia do Cargadoiro.

Deliberase entre o Sr.Rodríguez Andina e o traballador social sobre estes extremos.

Prosegue a intervención do Sr.Rodríguez Andina manifestando que sempre lles pareceu mellor unha porcentaxe sobre os ingresos que unha cantidade, e pon o exemplo dun residente que arranque o mes con 200 euros de déficit, e o caso de outro que sobre unha pensión de 1.500 euros lle queden 700, e lle parece bastante desequilibrante, e que pola súa parte o seu Grupo considera que as cantidades fixas non están moi maduras, aínda que non van poñer tachas porque sufriron en propias carnes, xa que a piques estiveron as monxas de marcharse e era un problema, e reitera que non van poñer tachas para que siga funcionando, pero pide que se estudie doutro xeito, xa que considera que iso é cargarlle á familia, deliberándose sobre o contido da intervención do Sr.Rodríguez Andina e por parte do traballador social se explica asimismo a composición actual dos residentes no Asilo segundo a contía das súas pensións.

Deliberase no seo da Comisión entre os Sres.Concelleiros e os técnicos presentes sobre a problemática derivada da implantación do prezo público e as peticións de subvencións segundo cal sexa a modalidade que se efectúe.

O Sr.Reymondez Gancedo, de UPRI dí que a opinión do seu Grupo é que debe establecerse o prezo da praza en función dos ingresos con dúas variables, o custo da praza e os ingresos do residente, contestándose pola Alcaldía que iso non se pode facer.

Deliberase de seguido sobre a posibilidade de que mantendo o esquema de que se xenere débeda cando así se produza, que non se aporte mais do 90 por cento con cargo á pensión do interno, deliberándose sobre este particular.

Deliberase igualmente sobre se a aplicación desa limitación do 90 por cento da pensión abranguería aos válidos e aos inválidos.

O Sr.Rodríguez Andina manifesta que o seu Grupo está disposto a estudar a proposta que se madure dende aquí ata o Luns no Pleno, e que mentres se absteñen.

O Sr.Reymondez Gancedo de UPRI reitera a súa proposta de que se efectúe baixo dúas variables, do custo da praza e dos ingresos.

Por parte do equipo de goberno se manifesta que despois da deliberación efectuada na súa proposta se inclúe no texto da Ordenanza un engadido coa seguinte redacción:

“ En ningún caso a aportación do usuario con cargo á súa pensión, excederá do 90 % do importe da mesma, tanto para válidos como para inválidos.”

O Sr.Alcalde precisa que se segue xenerando unha débeda que pagan eles, os seus familiares ou o seu patrimonio, e senon a boa fortuna que lle poida vir.

Deliberase incidentalmente sobre as obrigas dos fillos respecto aos pais.

De seguido por catro votos a favor da proposta da Alcaldía co engadido sinalado na Comisión, dos membros dos Grupos municipais do BNG e do PSOE e tres abstencións dos membros do Partido Popular e de UPRI acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a referida proposta coa adopción dos acordos correspondentes conforme ao procedemento legalmente establecido. “

Iniciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o portavoz do Grupo Municipal de UPRI Sr.Rivas Alvarez que significa que o seu Grupo para estable-lo prezo parte de dúas variables, unha é o custo da praza e outro o tanto por cento da pensión; que o Asilo cumpre unha función e unha labor encomiable dende fai moitos anos e que respecto á cifra da Ordenanza, de 600, ou 800 euros, unha persoa cunha pensión mínima de 328 euros non dispón , polo tanto, de ningún remanente, e ao fixar nun 90 % da pensión como límite poden ter algún carto, pero manteñen un cargo en contra do seu patrimonio, que ata o de agora non tiñan eles nin os seus,e manifesta que o seu Grupo sobre este asunto vaise abster.

Intervén a continuación o Sr. López Pérez, do Grupo municipal socialista que manifesta que como xa dixeron na Comisión ían votar a favor co engadido efectuado na propia Comisión, respecto a ese 90 % , pero quixera facer unha pregunta sobre a situación das persoas cunha pensión de 300 euros que non teñan nin bens, nin familia, e que qué compromiso poden adquirir, e pregunta se será óbice para que poidan estar no Hospital Asilo.

O Sr. Alcalde resposta que xa quedou claro na Comisión informativa e que na propia Ordenanza se fai referencia á posibilidade de que cheguen a mellor fortuna, que non é retórica senon un termo xurídico, e que teñen dereito a estar ahí e se non poden efectuar unha aportación entende que se producirá un déficit.

Deliberase entre varios membros da Corporación sobre este asunto coa intervención do Sr.Alcalde.

Por parte do Sr.López Pérez se sinala que o seu Grupo non ten inconveniente en votar a favor pero que lles quedaba dúbida.

O Sr.Alcalde pola súa parte manifesta que a diferenza é sustancial xa que se vai comprometer agora o familiar do interno, ao que apostilla o Sr.López Pérez, se é que existe este familiar.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina, que sinala que cumpriron cos seus compromisos e estudaron e analizaron a cuestión pero que ten dicir , en primeiro lugar, que cada Grupo defenda as súas posicións e use os seus argumentos, xa que quen falou de que lles quedasen cartos ás persoas que van ao Asilo foi o portavoz do Partido Popular e así debe aparecer e non adueñarse outros Grupos presentando a opinión como súa.

Prosegue sinalando o Sr.Rodríguez Andina, que por outro lado van votar a favor, pero con dúas puntualizacións: a primeira é que están de acordo con que se lles cobre o 90 % da pensión como máximo porque lles queda algo para tomar un café e outros gastos, pero ten asimesmo dous asuntos importantes, o primeiro que nalgún lado apareza recoñecida a situación da imposibilidade de que se algún interno ou a súa familia non ten medios e non pode cubrir esa diferenza que non lle repercuta á hora de ingresar, e que está expoñendo que se o Alcalde o ten a ben , como propoñente e seguindo o procedemento que se ten explicado por Secretaría nestes casos que se incorpore agora porque o acepta o propoñente, e senon o farán como alegación e é a cuestión de que o Concello se impoña a obriga de apoiar, colaborar e no seu caso xestionar as axudas correspondentes para cubrir a diferenza entre os que pagan e o prezo dos que quedan en débeda, e por parte dos servizos sociais se lles asista e apoie, e dende o Goberno municipal se xestione ante as autoridades competentes para favorecer aos que menos teñen.

O Sr.Alcalde pola súa parte manifesta que era unha boa cousa que non houbera alegacións para a entrada en vigor no mes de xaneiro, tendo que cumprirlos prazos e procedementos legais, e sobre o que se sinala cre que é unha función do Concello e que diante da Comisión xa o manifestou, e que o concello intentará que teñan axudas por parte de quen corresponda, sexa a Vicepresidencia ou a Deputación, porque é unha misión de goberno e se trata de buscarlles algún tipo de complemento e que para non ir a unha alegación poderían incorporarse eses criterios no acordo de aprobación como criterio de aplicación e actuación da propia Ordenanza.

Por parte do portavoz do Grupo Municipal Popular se manifesta que lles vale nestas condicións.

Intervén o Sr.Pérez Vacas do Grupo municipal socialista que sinala que respecto á segunda parte da proposta do Sr.Rodríguez Andina xa se contemplaba no Regulamento e que a aprobación do mesmo realmente xa levaba iso.

Intervén o Sr.Alcalde que dí que se se quere dar a categoría de criterios expresos o aceptan, aínda que considera que de xeito implícito as dúas cuestións estaban no Regulamento, pero que non se van opoñer a estas propostas.

Intervén o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, que dirixíndose ao portavoz do Grupo Popular dí que as súas afirmacións non eran para quitarlle a patente do argumento, e que agarda que faga o mesmo o Partido Popular respecto a rogos e preguntas de UPRI que logo presenta ao Partido Popular, e que lles teñan respecto.

O Sr. Rodríguez Andina pola súa parte manifesta que a súa proposta parte da consideración de que o que abonda non sobra, e é mellor que existan xa as interpretacións no acordo, e que o concello como tal está para facer as xestións da Institución, pero que se teña ese aspecto moi claro, de tal xeito que non existan eses problemas para os cidadáns de a pé, cando os que están hoxe aquí non estean, e igual non sucede, pero non é malo que se poña esa función do Concello.

Intervén o Sr.Alcalde para rematar a deliberación significando que quere agradecer aos Grupos que votaron a favor, e o Grupo que se vai abster, e que é unha situación complicada, que levaron moitas voltas ata que decidiron cos servizos técnicos municipais presentalo, pero realmente vai a darse o primeiro paso, e que xa se deron outros como cando se cambiou de Congregación, pero coa Ordenanza vaise tender a un equilibrio maior entre ingresos e gastos e rematar cunha situación que sería insustentable, e que considera que moitos veciños acabarán no Hospital Asilo e que solucionar esta cuestión redundará en beneficio dos veciños.

De seguido, por once votos a favor (dos membros dos Grupos municipais BNG, PP e PSOE) e dúas abstencións (dos membros do Grupo municipal de UPRI), adóptanse os acordos seguintes:

1º. A aprobación inicial do Regulamento de Réxime Interno que se achega cos anexos correspondentes ao prezo público e ao contrato de prestación de servizos cos usuarios, e efectuándose a correspondente exposición ao público conforme ao procedemento legalmente establecido e aprobándose definitivamente se non se formulan alegacións , reclamacións ou suxerencias fronte ao mesmo.

2º. A aprobación inicial da imposición e ordenación do Prezo público correspondente a prestación dos servizos no Hospital Asilo de San Sebastián e San Lázaro e efectuándose a correspondente exposición ao público conforme ao procedemento legalmente establecido e aprobándose definitivamente se non se formulan alegacións, reclamacións ou suxerencias fronte ao mesmo.

3º. A exposición ao público de ambos dous acordos de conformidade co previsto na lexislación respectiva de aplicación.

4º. A fixación como criterios de aplicación da Ordenanza reguladora do prezo, para a súa aplicación polos servizos municipais e polo Hospital Asilo, no órgano que se crea entre o Concello e a Congregación, dos seguintes:

a) O criterio expreso da imposibilidade de que se algún interno ou a súa familiar non ten medios económicos para cubrir a diferenza co previsto na Ordenanza iso non lle repercuta á hora de ingresar.

b) O Concello se impón a obriga de xestionar as axudas para cubrir os déficit dos usuarios.

5º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

2008/10/81.-ORDENANZA DE APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL EN FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUMINISTROS DE INTERESE XERAL.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta do expediente incoado sobre o asunto epigrafiado, explicándose sucintamente pola Alcaldía-Presidencia o contido da mesma.

De seguido, sen promoverse deliberación por unanimidade en votación ordinaria, por todos os integrantes da Comisión ditamínase favorablemente a imposición e ordenación proposta pola Alcaldía segundo a Ordenanza epigrafiada, para a súa aprobación polo Pleno municipal e subseguinte tramitación conforme ao procedemento legalmente establecido.”

Polo Sr. Alcalde efectúase unha sucinta explicación do contido da Ordenanza ao Pleno municipal manifestándose o criterio favorable a aprobación da mesma por parte de todos os portavoces municipais.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º. A aprobación inicial da imposición e ordenación da ordenanza de aproveitamento especial do dominio público local en favor de empresas

explotadoras de servizos de suministros de interese xeral, nos propios termos da proposta formulada e ditaminada favorablemente pola Comisión informativa que se engade como anexo.

2º. A exposición pública por prazo dun mes a efectos de reclamacións e suxestións entendéndose definitivamente aprobada de non formularse ningunha.

3º. Facultar a Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

2008/11/82.-APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS PARA O APARCADOIRO DE OS CASTROS-ILLAS EN A DEVESA (ANEXO DO PROXECTO).

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“A instancia da Alcaldía o Secretario da conta en síntese da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido, e de que se tivo formulado unha alegación fronte ao acordo plenario de 19 de maio de 2008 sendo informada desfavorablemente a mesma por Secretaría e polo arquitecto redactor do proxecto, sendo a proposta para a Comisión e o Pleno, a que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia á vista de que previo ditame da Comisión Informativa de data 15 de maio de 2008 se adoptaron polo Pleno Municipal en sesión de 19 de maio de 2008 os acordos seguintes:

1º. Inclusión do anexo do proxecto de **“RECUPERACIÓN EFECTIVA DE LA SERVIDUME DE TRÁNSITO Y EJECUCION DE SERVICIOS Y SENDERO ENTRE LAS PLAYAS DE “OS CASTROS” Y “AS ILLAS”, termo municipal de Ribadeo**”, no Plano de Obras Municipal do ano 2008 sometendo este acordo a información pública mediante anuncio no BOP e Taboleiro do Concello, durante o prazo de 15 días hábiles a efectos de exame e reclamacións; no suposto de que non se presente ningunha o acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

2º. Incoar expediente expropiatorio respecto dos bens e dereitos afectados pola execución do devandito anexo de proxecto e a tal efecto someter a relación dos mesmos, que de seguido se transcribe, a información pública por prazo de 15 días nos termos do art. 18 da LEF. Esta exposición quedará condicionada á aprobación definitiva do punto anterior.

Finca Nº	Titular	Domicilio	Ocupación definitiva	Clase de solo
1	José Fernandez Pérez	A Rochela, 28 (A)	422 m2	Rústico de Protección de

	Devesa) Ribadeo		Costas
--	-----------------	--	--------

3º.- Formular a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, por parte do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade có disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

4º.- Facultar á Alcaldía Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

Efectuada a exposición pública mediante anuncio publicado no D.O.G. nº 120 de data 23 de xuño de 2008 e BOP de Lugo num. 144 de data 24 de xuño de 2008 formulouse unha alegación que tivo entrada o 11 de xullo de 2008, por parte de don José Fernández Pérez, titular da única parcela expropiada obxecto do expediente, no que tras formular diversas alegacións solicita se proceda á suspensión cautelar inmediata do procedemento considerando que non se tramitou con arrando á legalidade e pedindo que se declare a nulidade do anexo ao proxecto de expropiación referido.

A alegación foi informada desfavorablemente por Secretaría con data 28 de xullo de 2008.

Igualmente foi informada desfavorablemente con data 31 de xullo de 2008 por don Ernesto Cruzado Estevez, como técnico autor do proxecto de expropiación.

Considerando que procede proseguir a tramitación do expediente, e que a única alegación formulada carece manifestamente de fundamento e que en tempo e forma formulou as alegacións o interesado que estimou pertinentes que son obxecto de informe desfavorable técnico e xurídico, tomando como motivación do acordo que se adopte os referidos informes, de conformidade co preceptuado no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común, que se engadirán como anexo á notificación correspondente do acordo,
PROPOÑO ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. A desestimación na súa integridade da alegación formulada por don José Fernández Pérez, fronte ao acordo Plenario de 19 de maio de 2008 polo que se aprobou a inclusión da finca obxecto da súa propiedade no proxecto expropiatorio e se adoptaron os restantes acordos que constan transcritos anteriormente.

2º. A elevación a definitiva da inclusión do anexo do proxecto de “RECUPERACIÓN EFECTIVA DE LA SERVIDUME DE TRÁNSITO Y EJECUCION DE SERVICIOS Y SENDERO ENTRE LAS PLAYAS DE “OS CASTROS” Y “AS ILLAS”, termo municipal de Ribadeo”, no Plano de Obras Municipal do ano 2008 unha vez que foi sometido o acordo anterior a

información pública mediante anuncio no BOP, DOG e Taboleiro do Concello, durante o prazo de 15 días hábiles a efectos de exame e reclamacións, desestimándose a única alegación presentada.

3º. A prosecución do expediente expropiatorio respecto dos bens e dereitos afectados pola execución do devandito anexo de proxecto seguintes:

Finca N°	Titular	Domicilio	Ocupación definitiva	Clase de solo
1	José Fernandez Pérez	A Rochela, 28 (A Devesa) Ribadeo	422 m2	Rústico de Protección de Costas

4º.- Formular a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, por parte do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade có disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

5º.- Facultar á Alcaldía Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia nos seus propios termos para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º. A desestimación na súa integridade da alegación formulada por don José Fernández Pérez, fronte ao acordo Plenario de 19 de maio de 2008 polo que se aprobou a inclusión da finca obxecto da súa propiedade no proxecto expropiatorio e se adoptaron os restantes acordos que constan transcritos anteriormente.

2º. A elevación a definitiva da inclusión do anexo do proxecto de “RECUPERACIÓN EFECTIVA DE LA SERVIDUME DE TRÁNSITO Y EJECUCION DE SERVICIOS Y SENDERO ENTRE LAS PLAYAS DE “OS CASTROS” Y “AS ILLAS”, termo municipal de Ribadeo”, no Plano de Obras Municipal do ano 2008 unha vez que foi sometido o acordo anterior a información pública mediante anuncio no BOP, DOG e Taboleiro do Concello, durante o prazo de 15 días hábiles a efectos de exame e reclamacións, desestimándose a única alegación presentada.

3º. A prosecución do expediente expropiatorio respecto dos bens e dereitos afectados pola execución do devandito anexo de proxecto seguintes:

Finca Nº	Titular	Domicilio	Ocupación definitiva	Clase de solo
1	José Fernandez Pérez	A Rochela, 28 (A Devesa) Ribadeo	422 m2	Rústico de Protección de Costas

4º.- Formular a petición de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización do proxecto, por parte do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade có disposto nos arts. 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

5º.- Facultar á Alcaldía Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

2008/12/83.-LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Dase conta do ditame da Comisión informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta dos expedientes de licenzas de primeira ocupación que se relacionan, e que son ditaminados favorablemente, por unanimidade, para a adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidencia, previa explicación sucinta polo arquitecto municipal e sendo informadas favorablemente as mesmas:

1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR NAVILI S.L. PARA EDIFICIO DE VIVENDAS EN VIRGEN DEL CAMINO 16-22 RIBADEO.

Expediente nº 2008/17 tramitado a instancia de NAVILI S.L., CIF B61181293 interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído de dous sotos, planta baixa, seis plantas altas e baixo-cuberta para 48 vivendas, garaxes e dous locais libres, (bloque 1), ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 17 de xaneiro de 2005, expediente número 2005/007.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 20 de outubro de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR MARIA BELEN MARADONA GARCIA E PEDRO J. SANJURJO LASTRA PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN A VILAVELLA. RIBADEO.

Expediente nº 2008/18 tramitado a instancia de Maria Belén Maradona García e don Pedro J. Sanjurjo Lastra, interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en A Vilavella, Ribadeo ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 20 de setembro de 2006 , expediente número 2006/243.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 20 de outubro de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR CONSTRUCCIONES GACIO S.L. PARA EDIFICIO DE 3 VIVENDAS EN AVDA. DE AMÉRICA-O XARDIN, RIBADEO.

Expediente tramitado a instancia de Construcciones Gacio S.L., interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído de 3 vivendas unifamiliares adosadas de planta baixa, primeira e baixo-cuberta en Avda. de América- O Xardín (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras

outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 23 de maio de 2006 , expediente número 2006/121.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 20 de outubro de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR O CABOZO DO ZACURRO S.L. PARA AMPLIACION DE EDIFICIO DE HOTEL EN RÚA RÍO DE AMALLÓ, 1. RIBADEO.

Expediente tramitado a instancia de O Cabozo do Zacurro S.L., interesando **licencia de primeira ocupación** para ampliación de edificio para Hotel O Cabazo, en rúa Río do Amalló, nº 1, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 6 de novembro de 2006, expediente número 2006/130.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 20 de outubro de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

2008/13/84.-PROPOSTA AO PLENO DO CONCELLO SOBRE ACCESO AO CENTRO URBANO DE RIBADEO DENDE A A-8.

Dase conta do ditame da Comisión informativa que se transcribe de seguido:

“Polo Sr.Alcalde dase conta da súa proposta do asunto epigrafiado, procedendo á lectura da mesma, e que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia á vista da proposta efectuada pola Xunta de Portavoces de data 3 de outubro de 2008, convocada a tenor de escrito do Grupo Municipal do Partido Popular de 26 de setembro de 2008 relativo á petición conxunta para acceso ó centro de Ribadeo, dende a autovía.

Toda vez que na referida Xunta de Portavoces se adoptaron, con valor de ditame, as propostas de acordo seguintes:

1º. Que a tenor das mencionadas solicitudes se efectúe unha petición de búsqueda dunha solución definitiva para este acceso central a Ribadeo que se considera un elemento de primeira necesidade para un adecuado servizo público.

2º. A solicitude dunha reunión do Alcalde cos portavoces dos Grupos municipais dirixida á Ministra de Fomento.

3º. A elaboración dun borrador compilando as peticións formuladas polas sucesivas Corporacións nesta materia.

De conformidade co acordado na Xunta de Portavoces elaborouse polos Servizos municipais un documento reflectindo o interesado por este Organo que se achega como copia aos Grupos para o seu estudo e no seu caso, elevación a acordo Corporativo, previo ditame da Comisión Informativa se se estima procedente, facultando á Alcaldía-Presidencia para a súa execución e para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes.”

Por parte do Sr.Alcalde explícase asimesmo que ao Grupo do PSOE non lle pareceu procedente a entrega dun documento dos Grupos á Ministra pero que sí era favorable a asinalo despois.

Intervén o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que non estaba de acordo co asunto da entrega do escrito dos Grupos á Ministra porque eso non fora o que se acordara na Xunta de Portavoces e que se manifestou dende o primeiro momento solidario con totalas peticións pero que non se escollera o momento da inauguración, porque se non chega a vir a Ministra non se lle entrega a carta, e o que sí se acordou na Xunta de Portavoces foi a solicitude dunha entrevista coa Ministra para explicarlle a problemática e que está disposto a asinar iso porque estivo de acordo dende o primeiro momento, da Xunta de Portavoces.

Por parte da Alcaldía se da conta de que se pasará unha copia da cuestión a todos os Grupos municipais.

A Comisión, por unanimidade, en votación ordinaria, de conformidade coa proposta da Alcaldía acorda ditaminar favorablemente a mesma para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Tras dunha sucinta deliberación, é rematada polo Sr.Alcalde manifestando que dubida que lles concedan audiencia pero que en todo caso o interesante sería que lle fixeran o acceso a Ribadeo en dirección a Asturias.

Polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º. Que a tenor das mencionadas solicitudes se efectúe unha petición de búsqueda dunha solución definitiva para este acceso central a Ribadeo que se considera un elemento de primeira necesidade para un adecuado servizo público.

2º. A solicitude dunha reunión do Alcalde cos portavoces dos Grupos municipais dirixida á Ministra de Fomento.

3º. A elaboración dun borrador compilando as peticións formuladas polas sucesivas Corporacións nesta materia.

2008/14/85.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE SOLICITUDE AO GOBERNO DA REFORMA URXENTE DA FINANCIACIÓN LOCAL.

Obra no expediente a Moción do Grupo Municipal Popular que se transcribe de seguido:

“MOCION PARA SOLICITAR AL GOBIERNO LA REFORMA URGENTE DE LA FINANCIACION LOCAL Y QUE NO DISMINUYAN LOS INGRESOS LOCALES POR LAS TRANSFERENCIAS DEL ESTADO EN LOS PGE 2009.

José Carlos Rodríguez Andina, Portavoz del Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Ribadeo, en nombre y representación del mismo eleva al Pleno de la Corporación para su debate la siguiente

MOCIÓN

Vulnerabilidad financiera de los municipios ante la crisis económica

El actual momento de crisis económica está poniendo de manifiesto una vez más los desequilibrios en el modelo de financiación local que puede afectar muy gravemente a la forma y calidad de prestación de servicios a los vecinos por parte de los Ayuntamientos. La situación financiera de muchos municipios es difícil y se ha agravado sustancialmente en los últimos meses.

La caída generalizada de la economía española tiene una especial incidencia en las arcas municipales donde, por ejemplo, los ingresos locales vinculados a la actividad urbanística están disminuyendo y ya han dejado de situarse en el 2 del total de ingresos de los municipios. A esto hay que añadir la dificultad de acceso al crédito, que es mayor que otras Administraciones, así como el difícil cumplimiento de los requisitos de estabilidad presupuestaria a pesar de los planes de austeridad que muchos municipios están aprobando ya.

Si a ello se añade el problema estructural de la financiación local que se lleva arrastrando en España en los últimos 30 años, debido, entre otras causas, a los

servicios que prestan los Ayuntamientos sin ser de su competencia, por ser la Administración más cercana a los vecinos y sensible a su demanda. Por ello, se hace obligatorio poner en marcha de manera inmediata reformas institucionales y en el ámbito de la financiación que permitan empezar a dar solución a este problema. El Gobierno tiene que reconocer en este sentido, la importante labor y esfuerzo económico que en materia de dependencia están desarrollando los municipios en la actualidad.

Es por ello, que la negociación y ejecución de un nuevo modelo de financiación local tiene que ser inminente y simultáneo a la reforma autonómica. Asimismo, debe establecer las bases del Pacto Local para el traspaso de competencias y financiación desde las Comunidades Autónomas a los Entes Locales.

Ya el pasado 27 de mayo, el Comité Ejecutivo de la FEMP aprobó una resolución en la que se reiteraba la necesidad de abordar la reforma de la financiación local de forma global y en su conjunto, manifestando asimismo que dicha negociación debía realizarse de forma simultánea y vinculada a la financiación autonómica. Todo ello en el marco de los compromisos expresados por el Gobierno.

Preocupación por las previsiones presupuestarias para 2009 en cuanto a la planificación de los Entes Locales en los Ingresos del Estado, que ha avanzado el Ministerio de Economía y 1

El incremento de la tasa de paro registrado que incide mayoritariamente en el sector de la construcción, la escasa evolución del empleo, el recorte en las previsiones de crecimiento del PIB, se juntan con unas previsiones de crecimiento para 2009 de solo un 1%.

En este contexto, las cifras avanzadas por el Ministerio de Economía y Hacienda para la Participación de los Entes Locales en Ingresos del Estado de 2009 son muy preocupantes y ponen a las arcas locales al borde del abismo (ya que los ingresos fiscales se están viendo sensiblemente reducidos por la crisis inmobiliaria, al igual que la venta de suelo municipal, y el recurso al endeudamiento es mucho más inaccesible que para el Estado o las CCAA).

Si se materializa esta previsión, las EELL van a perder financiación en términos reales en casi 700 M € (unos 690 N por la Práctica congelación de las entregas a cuenta en 2009, dado que el IPC puede situarse probablemente en un 4%)

Por ello, se somete a la consideración del Pleno la aprobación de los siguientes acuerdos;

PRIMERO.- Reclamar al Gobierno de España un Acuerdo simultáneo y vinculado con las Comunidades Autónomas y los Entes Locales para la reforma urgente de la financiación local paralela a la de financiación autonómica y para establecer las bases del Pacto Local, de forma que los Entes Locales puedan contar antes de que finalice este año con unas normas claras y precisas que se adecúen a sus necesidades reales de financiación, les doten de mayor capacidad normativa y solucionen el déficit arrastrado por la prestación de servicios impropios.

Igualmente se insta al Gobierno para que la futura reforma de la Ley de Bases de Régimen Local aborde definitivamente la delimitación precisa de las competencias de los Ayuntamientos y Diputaciones Provinciales al objeto de evitar la situación actual de asunción de competencias impropias.

SEGUNDO.- Exigir al Gobierno de la Nación la creación urgente de un Consejo Local de Política Financiera, que se reunirá trimestralmente con la Administración General del Estado y en el que participarán la Federación Española de Municipios y Provincias, los seis mayores municipios de España y una representación de municipios medianos y pequeños para tratar los temas de interés bilateral: actualización del catastro, transferencias estatales, gestión de los convenios y cooperación administrativa.

TERCERO.- Exigir al Gobierno de la Nación un incremento en la Participación en Ingresos del Estado por parte de los Entes Locales para el Ejercicio 2009.

CUARTO.- Solicitar al Presidente de la Federación Española de Municipios y Provincias, la celebración de una Asamblea Extraordinaria de la FEMP que reivindique la reforma de la financiación local, su estabilidad presupuestaria y el saneamiento de las haciendas locales, de forma que puedan los Entes Locales garantizar a los ciudadanos los servicios que necesitan en condiciones de igualdad y equidad, y para alcanzar el peso político e institucional que corresponde a los Entes Locales como administración más cercana.”

Intervén o Sr.Rodríguez Andina despois da lectura da Moción explicando sucintamente que se trataría entre outros aspectos dun sistema similar aos das autonomías sendo preciso un incremento dos ingresos o que é evidente para todos os que tiveron responsabilidades de goberno.

A continuación por parte do Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI maniféstase que lle resulta moi alta a Moción xa que lles parece un debate entre grandes partidos pero o seu Grupo vaise abster xa que aínda que non lles parecen mal os criterios lles gustaría algo que fora respecto ao Concello e non algo tan xeral, e por iso vanse abster.

O Sr.Pérez Vacas manifesta que entendendo o fondo pero tendo en conta o nivel en que se atopa na actualidade os presupostos xerais do Estado fan que o PSOE tamen se absteña.

Volta a intervir o Sr.Rodríguez Andina, que manifesta a súa crítica respecto a esa mención a que son cuestións de altos voos, xa que todos os que gobernaron se queixaron da falta de financiación do concello enumerando as queixas e non ve esa cuestión que se alega dos altos voos agás que algún este moi baixo, pero o que piden é que se faga o pacto de descentralización local e sempre os Alcaldes se queixaban de ter que ir polos despachos pedindo para cada cousa, en vez de ter unhas fondos preestablecidos e que a cuestión é sinxela, que se aporte o financiamento.

O Sr.Alcalde pola súa parte sinala que coincide no fondo aínda que podían discutir algún matiz, pero anuncia o voto a favor do seu Grupo.

De seguido, por oito votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG e do PP) e cinco abstencións (dos membros dos Grupos municipais do PSOE e UPRI) acórdase a aprobación da Moción epigrafiada do Partido Popular nos propios termos da mesma e a subseguinte tramitación, e polo tanto:

PRIMEIRO.- Reclamar ao Goberno de España un acordo simultáneo e vencellado coas Comunidades Autónomas e os Entes Locais para a reforma urxente da financiación local paralela á da financiación autonómica e para establece-las bases do pacto local de xeito que os Entes locais poidan contar antes de que remate este ano cunhas normas claras e precisas que se adecúen ás súas necesidades reais de financiación, as doten de maior capacidade normativa e solucionen o déficit arrastrado pola prestación de servizos impropios.

Igualmente se insta ao Goberno para que na futura reforma da Lei de Bases de Réxime Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos Concellos e Deputacións Provinciais co obxecto de evita-la situación actual de asunción de competencias impropias.

SEGUNDO.- Esixir ao Goberno da Nación a creación urxente dun Consello local de Política financeira que se reunirá trimestralmente coa Administración Xeral do Estado e no que participarán a Federación Española de Municipios e Provincias, os seis maiores municipios de España, e unha representación de municipios medianos e pequenos para trata-los temas de interese bilateral: actualización do catastro, transferencias estatais, xestión dos convenios e cooperación administrativa.

TERCEIRO.- Esixir ao Goberno da Nación un incremento na participación en ingresos do Estado por parte dos Entes Locais para o exercicio 2009.

CUARTO.- Solicitar ao Presidente da FEMP a celebración dunha asemblea extraordinaria da FEMP que reivindique a reforma da financiación local, a súa estabilidade presupostaria e o saneamento das facendas locais, de xeito que poidan os entes locais garantir aos cidadáns os servizos que necesitan en condicións de igualdade e equidade, e para alcanzar o peso político e institucional que corresponde aos Entes locais como Administración mais cercana.

2008/15/86.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UPRI SOBRE RECUPERACIÓN DA RUTA DO ANTIGO TREN MINEIRO.

Obra no expediente da sesión a Moción epigrafiada que se transcribe literalmente:

“Solicitud de recuperación da ruta do Antigo Tren Mineiro de Vilaodrid ó Ministerio de Medio Ambiente

que presenta o Grupo UPRI (Unión del Pueblo Ribadense-Unión do Pobo Ribadense), para someterá consideración e aprobación, no seu caso, do Pleno da Corporación.

Antecedentes:

O Río Eo e as Tenas de Burón e por conseguinte a Ría de Ribadeo foron declaradas Reserva da Biosfera nun acto que se ce o pasado 20 de outubro de 2007 coa presenza dos dous presidentes Autonómicos nun acto conxunto.

Dende aquela as inversións pan protexer e potenciar a Ría non se viron por ningures un ano despois seguimos onde estábamos.

Tendo en conta que existe un proxecto para a recuperación da Ruta do Antigo Tren Mineiro de Vilaodrid elaborado por TRAGSA no ano 2001 e que se atopa no Ministerio de Medio Ambiente á espera de financiación e que nestes intres o Goberno do Estado está a iniciar as negociacións co resto de forzas políticas do Parlamento para a aprobación dos presupostos do vindeiro ano 2009.

Que por outra banda existe unha capa de eucaliptos entre a N-642 e a Ría que non deixa disfrutar da paisaxe e está a invadir a vexetación autóctona.

Solicitamos:

Que por parte do pertinente acordo adoptado polo Pleno da Corporación dirixirse ó Ministerio de Medio Ambiente e á Xefatura Provincial de Costas de Lugo

1º.- Para que consigne partida presupostaria sufici ente no exercicio 2009 para acometer o devandito proxecto de recuperación da Ruta do Antigo Tren Mineiro de Vilaodrid e se conecte co proxecto de recuperación do Muíño de Mareas das Aceñas e a Vilavella para continuar ata o Cargadoiro polo borde da Ría.

2º.- Pola súa banda o Concello comprométese a modificar as ordenanzas municipais precisas (Medio Ambiente, plantacións arbóreas,...) para que no mesmo prazo (exercicio 2009) se talen tódolos eucaliptos situados entre a Ría e a N-642 deixando únicamente as especies e a vexetación autóctonas (piñeiros, abedules, castaños, robles, loureiros,...) para facer deste paraxe unha verdadeira Reserva da Biosfera.”

Iniciáse a deliberación intervindo o Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal proponente que explica en síntese o contido da Moción e como xa veu ao Pleno en Setembro facendo referencia ao documento do Ministerio de Medio Ambiente que exhibiu o Alcalde na outra sesión, sinalando que non entendía ben o que era iso , se era ou non un novo proxecto, pero que entende que debe existir un acordo plenario para que se execute o proxecto.

Intervén o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que dí que non sabe as veces que se debateu o asunto e que xa parece “o conto do lobo”, e que hai interese no Concello que desbrozou en parte a vía, habendo cartos investidos , que había un proxecto que estaba no Ministerio de Medio Ambiente e reiterados acordos e manifestacións repetidas dos gobernos autonómicos , que o goberno de Asturias investiu nos túneles, pero despois de todo iso, pasados 7 anos, non hai nada feito, e que se trata de demostrar unha vez mais o interese do Concello e que o van apoiar, votando a favor para a realización do proxecto que vai ser beneficioso para Ribadeo e para as dúas Comunidades Autónomas.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular se sinala que se alegra de que se recorde que o proxecto é do ano 2001, sendo Alcalde do Partido Popular polo que agradece que se tivera en conta, e que o PP vai a votar a favor da Moción aínda que dubida do que se menciona respecto ás prescricións técnicas do proxecto na Moción.

Intervén o Sr.Alcalde que manifesta que tamén o criterio do BNG é a favor, pero que quere matizar o interese do Concello, e que xa enviou unha carta ao Ministerio de Medio Ambiente fai meses e que deu lugar á impulsión dun proxecto novo xa que o anterior non lles servía, e iste vai ser mais ambicioso, contemplando a expropiación dos terreos para facer os proxectos e que ao mesmo tempo houbo unha serie de incidencias que retrasaron o asunto e pon o exemplo de que falando co Xefe Provincial de Costas lle comentou que existía unha paralización das licitacións dende que se aprobou a nova Lei de Contratos das Administracións, pero que entendía que nas próximas semanas saíría a redacción do proxecto e reitera que terá en conta a expropiación dos terreos.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte agradece a todos os Grupos municipais o apoio á Moción.

De seguido, polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase prestar aprobación a Moción de referencia nos seus propios termos efectuando a tramitación subseguinte da mesma, e polo tanto:

a) Dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente e á Xefatura Provincial de Costas de Lugo, para que consigne partida presupostaria suficiente no exercicio 2009 para acometer o devandito proxecto de recuperación da Ruta do Antigo Tren Mineiro de Vilaodrid e se conecte co proxecto de recuperación do Muíño de Mareas das Aceñas e a Vilavella para continuar ata o Cargadoiro polo borde da Ría.

b) Comprométese o Concello a modificar as ordenanzas municipais precisas (Medio Ambiente, plantacións arbóreas,...) para que no mesmo prazo (exercicio 2009) se talen tódolos eucaliptos situados entre a Ría e a N-642 deixando unicamente as especies e a vexetación autóctonas (piñeiros, abedules,

castaños, robles, loureiros,...) para facer deste paraxe unha verdadeira Reserva da Biosfera.”

2008/16/87.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UPRI SOBRE ARRANXO DA CAPA DE RODADURA DA N-642 NO TRAMO RIBADEO-VEGADEO.

Obra no expediente a Moción do Grupo Municipal de UPRI que se transcribe de seguido:

“Solicitud de arranxo da capa de rodadura da N-642 no tramo Ribadeo-Vegadeo

que presenta o Grupo UPRI (Unión del Pueblo Ribadense-Unión do Pobo Ribadense), para someter á consideración e aprobación, no seu caso, do Pleno da Corporación.

Antecedentes:

A estrada N-642 que discorre paralela Ría de Ribadeo dende a nosa Vila ata Vegadeo pola ponte de Porto, ven sufrindo accidentes de vehículos e usuarios constantemente e sobre todo cando chove debido á deficiente capa de rodadura coa que conta na actualidade

Xa neste Pleno fai un ano, o noso Grupo presentou un rogo ó Sr. Alcalde para que se dirixise ó Ministerio de Fomento en concreto á Demarcación de carreteras de Lugo para que solventase a situación de perigo que entraña para os innumerables veciños e veciñas de Ribadeo e usuarios en xera que transitan pola devandita estrada.

O pasado mércores tivemos un episodio máis da perigosidade deste vial co firme mollado onde un veciño de Ribadeo, sufriu unha saída de vía ocasionándolle graves desperfectos na súa furgoneta de traballo, sin lamentar danos persoais por sorte.

Para evitar que este perigo siga presente e sobre maneira pola chegada do inverno e consecuentemente das chuvias e polo que

Solicitamos:

Que por parte do pertinente acordo adoptado polo Pleno da Corporación dirixirse ó Ministerio de Fomento e á Demarcación de Carreteras de Lugo titular da estrada para que:

1º. Se solucionen de forma definitiva os problemas do firme coa devandita estrada N-642 no tramo que vai dende o Parador de Turismo ata Porto votándolle unha nova capa de rodadura para evitar os accidentes e posibles lesións os/as usuarios/as da estrada

2º.- Que se contrate a obra por vía de urxencia e se acomentan as obras o máis rápidamente posible polo perigo que entraña na actualidade.”

Intervén o Sr.Rivas Alvarez, que manifesta que dende que presentou a Moción se produciu un ferido grave, e que houbo sete accidentes dende a Moción, e

pretende que se poña fin a esta situación de grave perigo e que se repare o antes posible e que non se produzan mais accidentes.

O Sr.Pérez Vacas, do Grupo municipal socialista, dí que non teñen problema en apoiala aínda que por medio se cruzaron manifestacións dos responsables da Demarcación de Estradas do Estado manifestando o interese por amañalas, e cre que a Moción irá en orde a apoiar esa información, e a van apoiala polo tanto.

O Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, pola súa parte sinala que non lles parecía que fora urxente pero xa se manifestaron que estaban de acordo se se plantexaba baixo o réxime ordinario das Mocións, ironizando que se votan a favor xa non van ser responsables dalgún accidente mais.

O Sr.Alcalde pola súa parte sinala que pode reiterar de novo a petición coa Moción e que xa lle contestaron por escrito a unha petición dicíndolle que estaba en elaboración o proxecto desa capa de rodadura para facela mais segura, pero que non está de mais recordala.

O Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, pola súa parte conclúe a deliberación como propoñente sinalando que segue tendo a mesma urxencia e agradece os apoios dos Grupos municipais á Moción e ogallá non haxa que responsabilizar a ninguén.

De seguido, polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase prestar aprobación a Moción de referencia nos seus propios termos efectuando a tramitación subseguinte da mesma,e polo tanto dirixirse ao Ministerio de Fomento e á Demarcación de Carreteras de Lugo titular da estrada para que:

1º. Se solucionen de forma definitiva os problemas do firme coa devandita estrada N-642 no tramo que vai dende o Parador de Turismo ata Porto votándolle unha nova capa de rodadura para evitar os accidentes e posibles lesións os/as usuarios/as da estrada

2º.- Que se contrate a obra por vía de urxencia e se acomentan as obras o máis rápidamente posible polo perigo que entraña na actualidade.”

2008/17/88.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE O SECTOR LACTEO.

Obra no expediente Moción do Grupo Municipal Popular de Ribadeo que se transcribe literalmente:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE GALICIA (PP DE G)no concello de Ribadeo a través do seu concelleiro D. Jesús López Penabad en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCION DE APOIO AO SECTOR LACTEO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación pola que está a atravesar o sector lácteo en Galicia desde hai uns meses, con baixadas no prezo pagado ós produtores no último ano de máis dun 25% e pola contra, subas nos medios de produción está a situar ao borde do colapso a gran parte das 13.000 explotacións que na actualidade sobreviven en Galicia.

Desde UNIÓNS AGRARIAS e XÓVENES AGRICULTORES levamos anos reclamando a posta en marcha de contratos homologados que permitan á nosa produción láctea interactuar nos mercados dun xeito organizado e en base a criterios obxectivos.

O actual momento que vive o sector é de especial gravidade e desde XÓVENES AGRICULTORES e UNIONS AGRARIAS apelamos á responsabilidade tanto das industrias, para que deixen de saturar o mercado con importacións masivas, como das administracións, para que fagan uso das súas competencias en materia de fronteiras para evitar prácticas comerciais ilegais.

Diante desta situación, UNIÓNS AGRARIAS e XÓVENES AGRICULTORES, decidimos convocar unha manifestación para o próximo 18 de novembro en Santiago, para esixirl tanto á Xunta como o Ministerio medidas concretas que poñan treco a esta situación coa seguinte táboa reivindicativa:

Tralo exposto anteriormente, as Organizacións Profesionais Agrarias, UNIÓNS AGRARIAS e XÓVENES AGRICULTORES,

SOLICITAN a presentación da presente MOCIÓN ao pleno da corporación municipal, para que este adopte os seguintes acordos:

1. Apoiar públicamente a campaña que neste sentido están realizando as Organizacións Profesionais Agrarias, XÓVENES AGRICULTORES e UNIÓNS AGRARIAS de cara a manifestación convocada para o vindeiro 18 de novembro en Santiago de Compostela, así como apoio institucional do concello aos gandeiros e gandeiras para o seu desprazamento á manifestación.

2. Solicitar da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino a adopción de medidas tendentes á:

Que non quede nin un so litro de leite sen recoller en Galicia

Que se garantan uns prezos dignos para asegurar o futuro do sector

Que se poña en marcha un Contrato Homologado único para todo o Estado.”

Intervén o Sr.López Penabad, do Grupo Municipal Popular que manifesta que o criterio da Moción é o que mantén Unións Agrarias e ASAJA de Galicia, e fai referencia a publicación hoxe, nas páxinas de economía da Voz de Galicia da situación leiteira en Galicia, facendo referencia á caída do prezo do leite.

O Sr.Rivas Alvarez, pregunta ao Sr. López Penabad a canto está o litro de leite, contestándose polo Sr.López Penabad que a 34,55 céntimos, manifestando o Sr.Rivas Alvarez que lle parece unha Moción interesante e que van apoiala.

O Sr.Pérez Vacas, do PSOE dí que comparte na súa totalidade a Moción e que van votar a favor.

O Sr.Alcalde manifesta que o Grupo do BNG tamén comparte o fondo da Moción e que van apoiala.

De seguido, polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase prestar aprobación a Moción de referencia nos seus propios termos efectuando a tramitación subseguinte da mesma, e polo tanto:

1. Apoiar públicamente a campaña que neste sentido están realizando as Organizacións Profesionais Agrarias, Xóvenes Agricultores e Unións Agrarias de cara a manifestación convocada para o vindeiro 18 de novembro en Santiago de Compostela, así como apoio institucional do concello aos gandeiros e gandeiras para o seu desprazamento á manifestación.

2. Solicitar da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino a adopción de medidas tendentes á:

Que non quede nin un so litro de leite sen recoller en Galicia

Que se garantan uns prezos dignos para asegurar o futuro do sector

Que se poña en marcha un Contrato Homologado único para todo o Estado.

2008/18/89.-ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos e preguntas pendentes da sesión anterior.-

O Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI manifesta que ten dúas preguntas sen responder da sesión anterior.

A primeira delas relativa ao mercado semanal, de canto se leva ingresado dende xaneiro de 2008 ata a actualidade. O Sr.Alcalde lle dí que ten que disculpar e que pode escoller ou que se lle envíe por escrito ao seu domicilio ou que se lle conteste no próximo Pleno, que non se deron conta do asunto.

O Sr.Rivas Alvarez dí que lle é indiferente aínda que sexa por correo electrónico.

Manifesta o Sr.Rivas Alvarez que había outra pregunta respecto á Oficina de turismo sobre cantos turistas viñeron de Sudamérica e especificamente de Uruguay. O Sr.Alcalde manifesta que tampouco a pode contestar pero que a finais de verán se tiña o dato de que visitaran Ribadeo 25.000 persoas.

O Sr.Rivas Alvarez reitera que quere que se lle dea o dato.

Rogos e preguntas novos.-

Rogos e preguntas do Sr.Rivas Alvarez (UPRI):

Manifesta o Sr.Rivas Alvarez que no anterior Pleno o Sr.Cupeiro Rodríguez fixo mención a que se estaban tirando á rúa toneladas de ácido sulfúrico a sabendas e que o Concelleiro no uso da palabra non fixera nada, cando era concelleiro de Medio Ambiente e que por parte do Sr.Alcalde se manifesta que esa empresa está sen actividade dende hai moitos anos e a pregunta que quere facer é ¿ quen dos dous mentiu ao Pleno da Corporación?.

O Sr.Alcalde contesta que non vai entrar nesas cousas, e que ou fai a pregunta dun xeito que se poida contestar ou a da por contestada nos termos en que se dirixiu a él o Sr.Cupeiro Rodriguez no derradeiro Pleno.

O Sr.Rivas Alvarez , toda vez que o Alcalde lle dí que formule unha pregunta concreta pregunta que quen dos dous mentiu ao Pleno da Corporación, e o Sr.Alcalde dí que a súa contestación é que se reitera e ratifica no dito polo Sr.Cupeiro Rodriguez.

Formula a continuación o Sr.Rivas Alvarez un rogo respecto á Vía Transversal en relación a unhos ferros para anclaxe de farolas nas beirarrúas, que deron lugar a varias reclamacións fronte ao Concello, e o rogo é que se tomen as medidas necesarias de sinalización e cubrición para evitar que se sigan producindo reclamacións e accidentes, porque xa viu varias resolucións motivadas por esta cuestión.

Prosegue manifestando o Sr.Rivas Alvarez que cre que unha parte da rúa está sen entregar, pero reitera que se tomen as medidas oportunas para que non siga pasando iso.

O Sr.Alcalde pola súa parte manifesta que rogo aceptado, e que dende hai un mes está co asunto e que se convocou á Xunta de compensación e que a situación é a normal pero ven dende hai anos, e que considera que ningunha urbanización se debía facer a posteriori dos edificios e deben facerse polo tanto, antes ou durante, pero non despois, porque están os edificios practicamente rematados e a rúa sen facer e iso é indecente e intolerable.

O Sr.Rivas Alvarez asimismo formula outro rogo, de que se dirixa un escrito ao Ministerio de Fomento para que se coloquen unhos paneis indicadores en tanto non se realice o acceso central a Ribadeo e que poñan Ribadeo-Centro para evitar os problemas que se producen hoxe. O Sr.Alcalde pola súa parte maniféstalle que debería ser Ribadeo-Unica salida, o que se puxese nos carteis, porque a de Ribadeo – Centro da a entender que pode haber outras.

Deliberase entre varios Concelleiros sobre este asunto e polo Sr.Alcalde conclúese que se acepta o rogo pero que se estudiará co servizo técnico municipal a solución mais axeitada. Polo Sr.Rivas Alvarez se reitera que se solucione o asunto.

Formúlase un novo rogo por parte do Sr.Rivas Alvarez relativo a que nestes días de chuvia intensa desfixéronse as pistas e accesos de titularidade municipal sobre todo na zona rural, na parroquia de Vilausende en concreto, por non ter feito un corte de augas suficiente e se pregunta cal foi a razón de que se levaran as parrillas no mes de abril e 7 meses despois séguese sen resolve-lo problema, e se é pola maleza ou se houbo algún impedimento ou que sucedeu.

O Sr.Cupeiro Rodriguez, como concelleiro delegado contesta que algo lle corresponde niso e que lle vai ler un escrito que precisamente enviaron respecto ao asunto o 15 de abril de 2008. Polo Sr.Concalleiro Delegado se lle un escrito dirixido á Deputacion provincial relativo á situación no barrioi de Río, na parroquia de Vilausende nun viario de titularidade provincial pedindo que se arranxe unha atarxea para evitar danos a persoas ou bens e que foi presentado, reitera, o 15 de abril de 2008; que independentemente do escrito que enviaron á Deputación, é certo, pero que non se pode aproveitar cando se produza unha catástrofe para dicir que algo está mal, e que é verdade que se puxo un tubo que ao mellor non son as dimensións axeitadas e que dada a cantidade de auga que baixa da montaña, teña que incrementarse, e que non sabe se aínda que se poña un tubo de 1 metro nunha lonxitude de 15 ou 20 sexa dabondo cando se produce unha riada deste tipo, pero que saiba que se fixeron xestións e que teñen que soportar estas cousas na prensa, e que considera oportunista cando se trata dunha catástrofe.

O Sr. Rivas Alvarez seguidamente pregunta sobre que obras de reparación se fixeron na Casa da Ría dende o mes de xuño. O Sr.Cupeiro Rodriguez manifesta que ningunha, que él saiba.

Pregunta tamén o Sr.Rivas Alvarez sobre que empresa fixo as obras de canalización da balsa de lixiviados, e se a obra está en garantía, ou non, e que o rogo é que en todo caso se subsanen os defectos da mesma, posto que non se executaron ben as obras.

Por parte do Sr.Cupeiro Rodriguez se contesta á pregunta, manifestando que noutro acto de oportunismo, parece que se aproveita o día para sacar a fotografía, e non se lle ocorre sacar unhos paos que existían na tubería, e que lle parece curioso que cando chove de xeito descomunal non se reflicte na foto a existencia dos paos, e que ao Sr.Rivas Alvarez lle importan pouco os lixiviados, e que o que quere é aparecer na radio e na prensa.

Coméntase incidentalmente entre o Sr.Concalleiro Delegado e o Sr.Rivas Alvarez sobre a entrada no lugar donde se atopa a balsa de lixiviados, manifestando este último que non pode entrar ahí. Por parte do Sr.Cupeiro

Rodriguez se contesta que a empresa que fixo a obra foi AQUAGEST e que se tratou de facer co menor custo posible, e que a garantía de que nun día normal saia a auga cos lixiviados de escorrentía é dabondo, pero outra cousa é cando se produce unha avalancha, que resulta incontrolable. Do mesmo xeito que cando ao Sr.Rivas Alvarez (en referencia a cando era Concelleiro) o vento lle tirou a lona de cubrición, e que considera que é preocupante que o Sr.Rivas Alvarez fale da balsa de lixiviados, ao que resposta éste que é mais preocupante que fale o Sr.Cupeiro Rodriguez do que fai, pero que non fai.

O Sr.Alcalde reitera ao Sr.Rivas Alvarez que as preguntas non se debaten.

O Sr.Rivas Alvarez seguidamente pasa a manifestar que días pasados produciuse un sinistro no casco histórico e enviáronse cartas a distintos propietarios do casco histórico e fai poucos días recentemente derrubouse unha vivenda e a súa pregunta é se se lle enviara comunicación ao propietario ou propietaria e cal é a razón para non terlle advertido.

O Sr.Alcalde contesta que se fixeron todos os trámites que se deberían ter feito e que a situación do casco histórico é lamentable e non son nin dez ou quince casos e non leva un ano, leva varios anos a situación e afecta a varias Corporacións e agora despois de ter intentado agora vaise polas vías de execución subsidiaria ou de apercibimento pero que terá tamén a execución subsidiaria se non fan caso.

Formúlase unha nova pregunta polo Sr.Rivas Alvarez sobre as medidas que se teñen previstas para reducir a porcentaxe de impropios da bolsa amarela por parte do equipo de goberno aparte de revisar as bolsas dos veciños, e se teñen pensado algunha outra medida.

O Sr.Cupeiro Rodriguez, como Concelleiro Delegado contesta que se fixo unha campaña de información en radio e televisión con información detallada respecto ao que había que botar en cada contenedor, e fai referencia á subvención de Ecoembes de que se dispón para facer unha campaña informativa e considera que o que non se pode é argumentar a través dos medios; que da Xunta lle dixeron que en todos os concellos aumentaba a porcentaxe de impropios durante o período estival, e que no mes de abril foi do 28 % , pero no verán moitas veces veñen persoas que poden non saber facer a selección porque noutros Concellos non se fai.

Formula unha nova pregunta o Sr.Rivas Alvarez, sobre se as obras da rúa Deputación se se van empezar este ano, e volta a facer referencia á factura do estudio das fendas sobre o que se fixo mención, significando que dende o pleno pasado non se moveu unha pedra.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que o Sr.Rivas non sabe o que lle gustaría ao Alcalde dicir que as obra empezaron, pero que non está en mans do Concello e que non fai unha semana que se dirixira á Sociedade de Xestión do Xacobeo, indicándolle que ten que axilizar a tramitación neste resto de obra importante que falla, e que despois dun período de redacción interminable do protocolo de fendas enviouse, e está agardando para que adxudiquen a obra, e que entende que do mesmo xeito que a primeira parte para o Concello non ten ningún custo, e o financiará o Xacobeo de xeito íntegro.

Manifesta o Sr.Rivas Alvarez que quere formular unha última cuestión que lle ten preocupado que é que chegue o Alcalde tarde a todos os sitios e aos xulgados e pregunta se terán que poñerlle dúas secretarías, poñendo o exemplo en relación a FITUR , á visita do Delegado de Educación, á Xunta directiva do Plan Leader e que considera que debe ser máis puntual.

O Sr.Alcalde á súa vez preguntalle ao Sr.Rivas Alvarez se é rogo ou pregunta , respostando éste que como queira pero é unha pregunta porque lle preocupa o asunto.

O Sr.Alcalde lle contesta que considera que é bastante baixo este tipo asunto, e non cre que o Pleno sexa o lugar, e o da tardanza ten segundas, manifestando que o Sr.Rivas Alvarez ten obediencia debida fora da Corporación e pode que lle manden as preguntas, pero que o Alcalde non está ocioso, non como o Concelleiro preguntante, e que ten responsabilidades temporais de goberno, e o Sr.Rivas Alvarez non tivo nunca adicación exclusiva.

Toda vez que polo Sr.Rivas Alvarez se interpela ao Sr.Alcalde éste lle replica que o seu Grupo ten responsabilidades de goberno, en minoría, e que si chegou tarde é porque tivo responsabilidades de interese xeral no Concello, e fronte a un interese particular, como foi ese caso xudicial, deixouno a mellor fortuna, e que aquel foi un día de chuvias e avenidas e estivo dúas horas atendendo a eses asuntos e chegou tarde e que en última instancia o Sr.Rivas Alvarez , con todo o respecto, non é quen para dicirlle o ten que facer, de se chega tarde ou non, donde lle peta.

Rogos e preguntas do Sr.Reymondez Gancedo (UPRI).

A continuación pasa a formular preguntas don Agustín Reymondez Gancedo, do Grupo Municipal de UPRI .

Por parte do Sr.Reymondez Gancedo se manifesta que quere formular un rogo referente ás sinais de limitación de acceso ás zonas peonís e a determinadas rúas da Vila, por sí podía poñerse ademais de “agas residente” incluir “ e servizos” para efectos de taxis, repartidores, etc., que non poderían entrar.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que terá que consultalo coa autoridade en materia de tráfico, e que aínda que é o propio Alcalde, se asesora polo Xefe de Policía Local.

Formúlase polo Sr. Concelleiro no uso da palabra unha nova pregunta respecto a que no campo de fútbol que existe á beira de FEVE, donde se fai o entrenamiento, botáronse unhas camiións de entullos e pregunta porque non foron ao depósito de entullos.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro-Delegado de Deportes, contesta que por erro, e que teñen que ser sacados para o depósito de entullos, xa que foron botados sen razón nin instrucións do Concelleiro delegado ou do Alcalde e que agardan que cambie o tempo para levalos ao depósito de entullos.

Formula unha nova pregunta o Sr. Reymondez Gancedo sobre a débeda do Concello coa Asociación Ponte dos Santos que manifesta que de 130.000 euros e que cando remate o exercicio superará os 180.000 euros a fin de ano, e pregunta se está previsto o pago da débeda.

O Sr. Alcalde contesta que está previsto facer parte do pago en breve.

Toda vez que por parte do Sr. Reymondez Gancedo se manifesta que vai facer un rogo sobre arranxos, e que vai pedir pouco, se ironiza entre o Sr. Alcalde e varios Concelleiros sobre que aceptarán os rogos dos que votaron a favor do incremento no IPC das ordenanzas.

O Sr. Concelleiro no uso da palabra manifesta que existen unhas baches no calexón de Picarolas que son fondos, e que se deben reparar, e que non costaría moitos cartos. O Sr. Alcalde contesta que en Picarolas o promotor dos edificios terá que dotar todavía de aglomerado, que se vai demorar unhas semanas, pero ten a obriga e está advertido de que debe facelo antes da licenza de ocupación da terceira fase, e que polo que respecta á rúa Carlos III, está dentro do PDT complementario que estará a piques de empezar.

Formula outro rogo o Sr. Reymondez Gancedo sobre unha xardiñeira existente na rúa Rosalía de Castro, xunto a GADIS, e unha papeleira desfeita e pide que se cambie, contestándose polo Sr. Alcalde que se enviará.

Formula un novo rogo asimesmo sobre unha farola rota existente na rúa San Francisco xunto da Ludoteca e parque infantil e propón que se poida arranxar e o Sr. Alcalde contesta que están niso.

Formula asimesmo un rogo o Sr. Reymondez Gancedo respecto a un espello existente entre a rúa Camilo Barcia e Rosalía de Castro que dí que está nevado, e non se ve. O Sr. Alcalde lle contesta que xa se dixo noutro Pleno, que están pedidos, e que non veñen, e que agarda que veña e o cambiarán inmediatamente.

Asimesmo formula o Sr. Reymondez Gancedo unha pregunta sobre a situación dun veciño que teña un vado permanente e chegue ás once e media e hai un coche aparcado e non pode entrar, e que é o que debe facer e a quen ten que chamar, ademais de enfadarse.

O Sr. Alcalde contesta que non sabe se esa hora está no límite do horario da Policía Local e fai referencia a que o Concello non ten guindastre, sí que a tivo en momentos anteriores, pero os concesionarios de marcas que teñen

guindastres se negan a presta-lo servizo e o concello non ten capacidade de sacar un vehículo mal aparcado nin de día nin de noite e que cando Ribadeo teña tal entidade que poida ter guindastre as 24 horas con persoal se resolverá o problema , e que o único que pode facer é multalo, e que a Policía lle ten sinalado as dificultades para mover un coche.

Insiste no asunto o Sr.Concelleiro do Grupo de UPRI que dí que entende e comprende pero que qué resposta lle tería que dar ao cidadán, se chamar á Garda Civil ou deixar o coche.

Por parte do Sr.Alcalde contéstaselle que descoñece a donde quere chegar, e que se reitera no que lle ten dito aínda que ben lle gustaría poder resolvelo.

Formula asimesmo unha nova pregunta respecto a canto ascenden os ingresos de ocupación de espazos públicos, contestándoselle polo Sr.Alcalde que respostará o próximo pleno, e a Sra.Interventora pregunta se se refire a todo tipo contestando o preguntante que efectivamente.

Asimesmo formula unha pregunta o Sr.Reymondez Gancedo sobre a aparición os venres de moitos periódicos na porta do Concello, dese día, e que pasan os veciños e os levan, e pregunta respecto ao particular.

A Sra.Concelleira de Cultura dona Mari Luz Alvarez Lastra, manifesta que era un concerto do IGAEM e se cofinanciaba entre o Concello e a Xunta, pero que está rescindido ao non ter xeito de distribuílos e o Sr.Alcalde dí que se reiterará a petición de anulación, terciando o Sr.Rivas Alvarez que dí que estaban este venres pasado.

Asimesmo o Sr.Reymondez Gancedo pregunta respecto ao mecanismo para o arranxo das estradas das vivendas e o sr.Alcalde dí que non lle sabe contestar agora mesmo sobre o mecanismo e toda vez que volta insistir sobre o prazo o Sr.Alcalde lle contesta que agora mesmo non lle pode contestar.

Rogos e Preguntas do Sr.López Pérez (PSG-PSOE).

De seguido o Sr. López Pérez, do PSG-PSOE formula o primeiro rogo de que se inclúa nun plan supramunicipal da Deputación ou da Xunta xa que a economía do Concello está bastante deteriorada, a reparación integral da rúa da Casa do Pobo, da parte de Julio Lazúrtegui, de Camilo Barcia Trelles, e da zona de Obras Publicas , da rúa Calvo Sotelo, que están fatal e moi deterioradas e que non se contemplan no PDT complementario.

O Sr.Alcalde contesta que acepta o rogo pero que non pode dicir cando se farán , que son conscientes pero que ten que ser cando o tempo o permita porque se chove é perde-lo tempo, pero que procederán a tapalas de xeito inmediato.

Asimesmo se formula unha nova pregunta sobre o adecentamento do camiño público polo que se transita moi mal , dende a rúa da Casa do Pobo ata a Lodeira, que foi moi utilizado e pide que se faga o desbrozado, e significando que é paralelo á Estrada vella.

O Sr.Alcalde lle contesta que rogo aceptado.

Tamén formula o Sr.Concelleiro no uso da palabra un rogo de que se repoña o letreiro da rúa da Casa do Pobo porque alguén o sacou e o colgou dun poste da liña eléctrica, contestando o Sr.Alcalde que acepta o rogo.

Tamen formula outro rogo de que se ordene aos propietarios a limpeza das fincas existentes na zona de Julio Lazúrtegui e rúa da Casa do Pobo que están en lamentable estado de abandono na marxe dereita.

O Sr.Alcalde dí que cre que se enviaron fai quince días unhas notificacións e para iso en función dos informes da Policía e do arquitecto técnico.

O Sr.López Pérez pola súa parte manifesta que están totalmente abandonadas as fincas á beira da Casona de Lazúrtegui, que se está rehabilitando.

O Sr.Alcalde contesta que sabe que no entorno asinou varias ordes , pero que pode mirar se falta algunha mais.

Formula tamén o rogo respecto a un punto de luz pública que se retirou con motivo das obras na Casona de Lazúrtegui, que estaba na metade da fachada e non se repuxo.

O Sr.Alcalde lle pregunta se está rematada a fachada e o Sr.López Pérez pide que non quede sen colocar.

Formula un novo rogo o Sr.López Pérez sinalando que xa llo comentou ao Sr.Concelleiro delegado de Medio Ambiente pero que segue sen limpar, que afecta a unha finca na rotonda do Voar donde hai restos de entullos , de bañeiras, chapas de uralita, etc. e que da mala imaxe dese punto. O Sr.Cupeiro Rodriguez, contéstalle que deu orde ao propietario e veu falar con él, fai como un mes, e outra cousa é que aínda non o fixera.

Formula un novo rogo o Sr.López Pérez acerca dunha inadecuada sinalización que existe na zona escolar, tanto vertical como horizontal, e tamen respecto a límites, pasos elevados, etc. e menciona que se produciu un atropello hai un mes , nunha moto, e que a sinalización e bastante deficiente e menciona tamén que basta para elo observar o letreiro á beira do Centro de Inseminación, cheo de óxido. O Sr.Alcalde contesta respecto a este último aspecto que haberá que dirixirse á Deputacion Provincial , titular do viario.

Formula un novo rogo o Sr.López Pérez respecto á rúa Alfredo Deaño, á beira do Instituto para que se tome algunha medida , xa que se produciu tamén algún atropello. O Sr.Alcalde acepta o rogo.

Formula tamén un rogo o Sr.López Pérez respecto á limpeza da rúa San Miguel, dende a Prazoleta de José María López ata Guimarán, que non sabe

con qué frecuencia se fai e debe facerse unha vez á semana, xa que nacen ata cardos, e que se esmere a limpeza que está en mal estado.

Formula asimesmo un rogo respecto a unha situación que se produce na metade da rúa San Miguel na parte traseira dunhas vivendas, onde hai restos de material desbrozado, roupa , etc. que ofrecen mal aspecto.

Asimesmo sinala o Sr. López Pérez, que no auditorio de Cabanela hai unha sábana que indica perigo e leva un ano ou dous e xa está descolorida, e o Sr.Alcalde manifesta que ten razón, terciando o Sr. Rivas Alvarez que dí que leva mais dun ano e que se preocupen por iso.

O Sr.Alcalde explica que houbo unha avería no colector de saneamento e quedou un empozamento nada atractivo, que llo indicou AQUAGEST que repararon en precario e non se reparou a fondo e non está axeitado e que procede que se sele por parte de AQUAGEST , que lles agradece que llo recorden a fin de non esquecerse e que mañá chamará a AQUAGEST para darlles conta de que o fagan.

Tamén formula outro rogo respecto á rúa Paco Lanza donde existe dende fai tempo unha obra na que non se fai nada co valado e a beirarrúa en estado lamentable , coa beirarrúa desfeita e cunha tapa de rexistro aberta á beira da tintorería e roga que se tomen medidas.

Asimesmo formula outro rogo o Sr. López Pérez respecto á baixada de Guimarán á Praza de Ramón Fuertes , a altura da Casa do Valenciano, e incluída a propia Praza que está abandonada e xa está dende a época do goberno do que formaba parte o concelleiro no uso da palabra.

Por outra parte formula un novo rogo sobre unha marquesina existente na subida a Sta.Cruz que está abandonada e xunto á mesma hai tuberías cun aspecto lamentable que deben ser da empresa concesionaria de augas e que da mal aspecto. O Sr.Alcalde manifesta que acepta o rogo de dirixirse á Deputación Provincial para que poñan ou unha nova marquesina ou a retiren xa que hai unha feita mais arriba.

Asimesmo formula un rogo ou pregunta respecto a unha farola que falta no aparcadoiro municipal e dí que o problema son unhos espárragos cara arriba, de 14 ou 15 cms., e que xa tropezaron anciáns; o Sr.Alcalde dí que non recorda cando desapareceron e pregunta se leva moito tempo así, e o Sr.López Pérez lle manifesta que o viu o pasado fin de semana.

Tamén por parte do Sr.López Pérez se sinala que quere formular outro rogo ao Concelleiro de Medio Ambiente, que sabe que vai tomar medidas, xa que antes de que chegue a época estival, debe actuarse nas escaleiras do “prado do Raxao” que están cheas de casetas, restos de ferralla, etc. O Alcalde manifesta que acepta o rogo, e que fai 3 ou 4 días elevouse a petición de retirada á Xefatura de Estradas de Galicia e de Asturias, advertindo das deficiencias na zona e sobre todo o tema da ferralla para que non caiban dúbidas.

O Sr.López Pérez explica que comenta as peticións que lle fai ao Concelleiro de Medio Ambiente, e que son rogos que a cidadanía lle manda e que viron a unha empresa de desgüace levando de alí material e podería ter levado todo.

Por parte do Sr.López Pérez se formula unha nova pregunta sobre a sinalización horizontal no cruce das rúas Paco Lanza e Alfredo Deaño e preguntando se é correcta e sinalando que ningún vehículo fai a maniobra, que seguen rectos e ou é que está mal o firme ou está a sinalización no solo, deliberándose entre os Sres.Concelleiros sobre se está ben ou mal. O Sr.Alcalde contesta que puxo a sinalización a Policía Local e por parte do Sr.Pérez Vacas se afirma que ten prioridade a rúa Paco Lanza.

Asimesmo formula o Concelleiro no uso da palabra unha pregunta sobre a situación xurídica e de legalidade da licenza de Mármoles e Granitos. O Sr.Alcalde contesta que prefire contestarlle no seguinte pleno xa que non ten a capacidade xurídica para contestalo.

Formula sobre o mesmo asunto o Sr.López Pérez a pregunta de se a Policía Local está levando a cabo vixilancia nesa zona sobre algo que sucedeu cunha Sentencia ou orde municipal de que non se traballara coas portas abertas, contestándose polo Sr.Alcalde que ten feito numerosos informes a Policía Municipal e que deu instrucións fai mais dun ano para que fixeran eses informes.

Toda vez que polo Sr.López Pérez se pregunta se lle pode dicir no último ano canto se fixo o Sr.Alcalde sinala que contestará no próximo Pleno.

Formúlase tamén un rogo sobre a unión da estrada que ven de Grañol a Sta.Cruz que segue en mal estado e que foi aceptado no pleno anterior e que non sabe se se poido executar.

O Sr.Alcalde contesta que ten razón , que foi AQUAGEST quen a desfixo e dicían que ía enseguida a facelo e que non ten problema para ordearlles que o fagan de inmediato.

Preguntas do Sr.Pérez Vacas (PSG-PSOE):

Formula en primeiro lugar unha pregunta e é quere saber se se está facendo algo dende a Delegación de Medio Ambiente para evitar un problema sen solución de plásticos e bidóns nas explotacións agrícolas e gandeiras.

O Sr.Cupeiro Rodriguez, como Concelleiro delegado, dí que recollen os plásticos e os xestiona TRAGSA e se levan ao vertedoiro de entullos e dende aló os xestiona esa empresa, como fixo sempre.

Tamén se formula un rogo, que non sabe se está xa feito, e que é dirixirse ao Ministerio de Fomento para que no tramo da Autovía figure a parroquia de A Devesa á beira da sinalización da praia de As Catedrais e que o poña explícitamente. O Sr.Alcalde lle contesta que pode adiviñar quen llo dixo e a esa persoa lle leu ben clara a contestación que deu Fomento negando esa posibilidade e dicindo que non procede, asinada por don Angel del Río.

O Sr.Pérez Vacas, pregunta se a resposta é que está solicitada e se lle dixeron que non, e o Alcalde reitera que xa o solicitara cando era Tenente de Alcalde e tamén figuraba no acordo que se aprobou pola Xunta de Goberno e lle dixeron que non, e lle parece indignante a resposta.

O Sr.Pérez Vacas pregunta se pode ter acceso a esa documentación e o Sr.Alcalde dí que mañá mesmo e que llo deu xa ás persoas que viñeron a preguntar.

Pregunta asimesmo o Sr.Pérez Vacas sobre en que situación está o recurso do Concello ante a Dirección Xeral de Patrimonio sobre a denegación dunha posible construción dun aparcadoiro soterrado en Ribadeo, contestando o Sr.Alcalde que está pendente de resolución pola Consellería .

Pregunta tamén o Sr.Pérez Vacas sobre que nos últimos tempos, por parte de diversas Consellerías da Xunta se facilitaron medios ao Concello de parque de vehículos tal como o vehículo da policía, o pick-up de incendios, camión contra incendios, e camión de recollida de lixo e pregunta que medidas se adoptan para gardalos e se hai garaxes ou donde se gardan para que se atope en bon estado esa maquinaria.

O Sr.Cupeiro Rodríguez dí que o vehículo de recollida de lixo está ao aire libre e que os restantes se gardan no inmovible da antiga Empresa Ribadeo.

Pregunta tamén o Sr.Pérez Vacas sobre os importes consignados no ano 2008 de sancións urbanísticas, que superan o millón de euros e pregunta cantos se fixeron efectivos. Se contesta polo Sr.Alcalde que lle contestará no próximo pleno.

Formula tamén unha pregunta o Sr.Pérez Vacas respecto ás obras de rehabilitación no casco histórico mencionando a rúa Viejo Pancho, Amando Pérez ou Antonio Otero e pregunta sobre a importante cantidade de material de cantería que compoñía as beirarrúas e pregunta que destino se lle deu, que estipulaban as memorias, ou se é que se está a tirar no depósito de entullos. Por parte do Sr.Alcalde se contesta que ten que ver o que dín as memorias dos proxectos, e que non ten porque sabelo agora mesmo, e que parte da cantería se ía reaproveitar na outra rúa que falta.

Formula asimesmo unha pregunta respecto a unha cuestión dun pleno de fai meses cando o Concelleiro Delegado de Deportes sobre as obras realizadas polo Concello na finca de Amigos da Gaita mencionou que respondían ás

negociacións entre o Concello e a Sociedade, e que se faría un Convenio e ao día de hoxe cinco meses despois quere saber cando as dúas entidades se reuniron para levar adiante a sinatura do Convenio e cales foron os acordos alcanzados e cando veu a Pleno a ratificación do Convenio que ampara a utilización de maquinaria persoal e cartos públicos nunha finca privada.

O Sr.Alcalde contesta que foron o Alcalde de Ribadeo e por outra a Presidenta de Amigos da Gaita, hai un tempo, e que pode solicitar unha copia e que lla facilitarán encantados.

Pregunta a continuación sobre unha resolución adoptada a raíz dunha pregunta do Grupo socialista no Parlamento á Dirección Xeral de Patrimonio sobre a rehabilitación da Fonte dos Catro Caños e o Director Xeral dixo que o Concello se comprometía a modificar a restauración e pregunta que se fixo dende esas manifestacións por parte do Concello.

O Sr.Alcalde contesta que estiveron amañando a rúa e cando se estea rematando repararán a fonte.

Toda vez que se repregunta polo Sr.Pérez Vacas, polo Sr.Alcalde se contesta que se fará ou durante o remate que non o sabe exactamente, ou ao remate.

O Sr.Alcalde prosegue afirmando que esa era unha pregunta, pero que non lle pregunta nada, pola outra parte da pregunta parlamentaria da Aduana vella e que ao final non tiña nada de razón esa pregunta parlamentaria.

O Sr.Pérez Vacas contesta que xa leu as manifestacións do Alcalde na prensa, pero que ninguén preguntou pola balaustrada da Aduana vella nesa pregunta senon que preguntouse pola Aduana vella, sobre que medidas adoptou o Concello para evitar que non caiga.

O Sr.Alcalde contesta que iniciouse un expediente como tantos outros que se estiveron iniciando nos últimos meses e que un promotor pediulle a Patrimonio a rehabilitación e lle desestimaron por entender que non se axustaba aos criterios da Lei , e fíxose un recurso pola empresa e está agardando a que contesten para proseguir cunha “folla de ruta” que teñen para este e outros edificios.

O Sr.Pérez Vacas tamén pregunta se non se tomou respecto á Aduana vella unha iniciativa como respecto a outros edificios, contestándose polo Sr.Alcalde que foi dos primeiros edificios e cre recordar que se tomou xa no mandato anterior a iniciativa súa aínda que o Alcalde anterior non os tramitaba e agora sí.

Prosegue preguntando o Sr.Pérez Vacas respecto a que en repetidas ocasións se recolle na prensa iniciativas urbanísticas do goberno municipal relativas a medidas disuasorias, ben sexa coa apertura de expedientes sancionadores ou ben coa realización das obras con cargo ao Concello con responsabilidade subsidiaria dos propietarios para imputarlles despois á propiedade sobre todo para obras no casco histórico, e que o que pregunta é a canto ascenderon as obras realizadas con cargo ao Concello e se se recaudou algo deses importes.

O Sr.Alcalde contesta que descoñece se se recaudou algo deses importes e que pode contestar no pleno que ven, pero pode dar unha idea aproximada e fixeron dúas execucións subsidiarias e agora unha terceira, e tamén o do edificio que caeu fai unhas semanas e que houbo que demoler, e as cargas se lle pasarán á propiedade ou ao patrimonio.

Incidentalmente polo Sr.Alcalde tras comunicación coa Sra. Interventora dase conta de que unha desas execucións por importe de 10.000 euros foi ingresada.

Prosegue o Sr.Pérez Vacas preguntando respecto á casa que caeu, e se sabe o Alcalde dun informe de maio do ARI que advertía, e lle pregunta se dende maio a outubro non se tomou ningunha medida polo Concello. O Sr.Pérez Vacas le unha parte do informe mencionado da Oficina da ARI de 19 de maio de 2008 manifestando que a casa caeu o 27 de outubro e pregunta se se tomou algunha medida polo goberno municipal como con outros edificios con relación a este.

O Sr.Alcalde contesta que sí que se tomaron medidas, en primeiro lugar se puxo dende Servizos Sociais en coñecemento do xulgado que había unha persoa nunha situación difícil nun inmovible con escasas cualidades e non fixo nada; que é difícil actuar para o Concello agás por cuestións de seguridade, salubridade e ornato que afecten ás vías públicas e que é complexo cando se entra en temas de casas entre colindantes e traseiras e que é moi complicado.

Manifesta tamén o Sr.Alcalde que se sabe doutras situacións que afectan á seguridade pública e a viandantes, e que son circunstancias complexas, e que o que se leva facendo está dando algún resultado e que pode haber 20 expedientes en funcionamento, e puídose ter mellor feito pero empezan a pagar as execucións subsidiarias.

Pregunta tamén o Sr.Pérez Vacas sobre as ocupacións da vía pública por obras que se fan mediante solicitude nas oficinas e pregunta se é coñecedora a policía local das autorizacións que se dan na vía administrativa, e se existen partes que se presentan de ocupacións presentadas pola policía municipal, e cantos partes con expresión do titular se emitiron.

O Sr.Alcalde manifesta que vai contestar no seguinte pleno.

O Sr.Pérez Vacas reitera se a Policía Municipal coñece esas autorizacións administrativas e se existen os partes.

O Sr.Alcalde manifesta que as solicitudes de ocupación se fan nas oficinas pero ás veces non hai solicitude, e a Policía Municipal emite un parte que se convirte en solicitude de oficio, e que se contestará no próximo Pleno.

Formula tamén unha pregunta o Sr.Pérez Vacas respecto a que dende que é Alcalde o Sr.Suárez Barcia cantas reunións se celebraron coa Mesa de Negociación do persoal e se se alcanzou algún acordo, e en que momento se entrega a RPT encargada polo Goberno municipal á USC, e se se fixo algún pago por ese traballo.

O Sr.Alcalde contesta que pago non se fixo ningún, porque non se rematou o traballo e que están no camiño dunha proposta de RPT consensuada e entende que se voltará a reunir e xa fixeron outras reunións de traballo, que recorde duas ou tres.

Pregunta o Sr.Pérez Vacas a continuación sobre un anuncio dun torneo internacional de Billarda Ribadeo-Alemania (corríxese inmediatamente o Sr.Pérez Vacas e dí que é Galicia –Alemania) e que á beira de Alemania apareceu a súa bandeira pero pegado ao nome de Galicia non figuraba a bandeira galega senon a do Bloque.

O Sr.Alcalde resposta que non é a bandeira do Bloque, senon unha bandeira coa estrela de liberación, e que en todo caso foi unha errata.

Rogos e preguntas do Grupo do Sr.López Penabad (PP):

Por parte do Sr.López Penabad do Grupo Municipal Popular formúlase un rogo en primeiro lugar de cambio de sinais ao saír de Rosalía de Castro, na zona final, debaixo da Autovía porque hai un sinal que indica á esquerda Oviedo.

Asimesmo formula outro rogo de que na estrada cara a Vilaselán hai un grande burato como consecuencia de obras de AQUAGEST e pide que o arranxen; igualmente que na saída dunha rotonda que vai hacia as Barreiras e Campoxurado e que leva á estrada que da ao Colexio de Vilaselán, está en mal estado e hai que facer a súa reparación existindo un bache grande e a metade asfaltada e a metade sen asfaltar.

O Sr.Alcalde contesta que é das cousas que deixou FCC sen resolver.

Rogos e Preguntas da Sra. Sanjurjo Santar (PP):

A continuación formula a Sra.Dona Begoña Sanjurjo Santar unha pregunta en primeiro lugar de que se fagan á presa as reparacións das inundacións e que se esixa que a Deputación solucione os problemas que lle corresponden.

Asimesmo pide que se vixile a limpeza no aparcadoiro municipal donde hai botellas, bolsas de lixo, e aínda roupa tendida dende agosto (ironiza a Sra.Concelleira dicindo que non secou porque choveu) e que pasa moita xente por alí, e que non está axeitado, e que ademais hai que facer un desbroce de

silvas nas beirarrúas xa que hai persoas maiores que teñen que dar a volta tal como está aquilo.

O Sr.Alcalde dí que acepta o rogo e que hai algo de botellón nesa zona, e que respecto aos camiños afectados pola inundación terá o informe dos técnicos, conta que mañá, para envialo á Xunta e Deputación.

Rogos e Preguntas do Sr.Duarte Díaz (PP):

Por parte do Sr.Duarte Díaz se manifesta quen ten un rogo respecto á autovía e é que na parte de Asturias saíndo da Ponte en dirección Figueiras-Barres baixando á rotonda, hai un indicador que dí Ribadeo , indo para Arnau, e se podía pedir se poña unha sinalización na Autovía de tal xeito que xente que pode pasar de largo tal como se falaba, en vez de chegar a Barres, se hai un indicador a altura de Figueiras que indique Ribadeo, que xa que abaixo o hai pide que se poña un indicador arriba tamén, na Estrada, que indique Ribadeo-cambio de sentido, e que se pida á Asturias.

Deliberase entre varios concelleiros sobre esta posibilidade.

De seguido polo Sr.Duarte Díaz se formula un rogo respecto tamén a unhas papeleiras do mesmo xeito que xa ten falado o Sr.Reymondez Gancedo dunha papeleira á beira de GADIS pero hai dúas ou tres mais averiadas, que non pechan, e pide que se miren e ver se se poden arranxar.

Asimesmo o Sr.Duarte Díaz se refire de xeito irónico a que case vai ter que dar unha noraboa por unha nova “zona verde”que é a beirarrúa que vai pola rúa Luz Pozo Garza, por detrás de Alimerka, xa que é unha zona verde plagada de herba, e viu o Concelleiro no uso da palabra, a un funcionario limpiar a rúa Luz Pozo Garza, e a referida beirarrúa se atopa pegada á denominada horta de Sela, e roga que se limpe.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que esa beirarrúa foi feita por quen executou o edificio e se fixo de maneira deficiente, porque non se rexuntou a beirarrúa, o que ocasiona iso.

Asimesmo por parte do Sr.Duarte Díaz se formula un rogo respecto ao pintado de amarelo que se efectuou nas inmediacións do supermercado Alimerka, e pide que se controle porque se se pinta e non se controla, de nada serve o pintado efectuado.

Rogos e preguntas do Sr.Rodriguez Andina (PP):

Por parte do Sr.Rodriguez Andina, do Grupo Municipal Popular maniféstase que existe un sentimento xeneralizado entre a xente de Ribadeo e visitantes en relación cos reloxo de aparcamento na zona azul, e que se poden recoller na Casa do Concello so polas mañás e polas tardes hai que atopar á Policía Local para obtelos e formula o rogo de que a Alcaldía se poña en contacto con ACISA ou lles da autorización e igual eles están dispostos a confeccionar e repartir entre os seus socios os discos, e os recollen nas propias tendas da zona.

O Sr.Alcalde contesta que non ten problema en que iso se faga e que a primeira edición pagouse a metade entre o Concello e ACISA pero respecto a unha segunda non se sabe se a tería que pagar toda o Concello, pero o que non se pode facer porque sería un erro é darlle os discos aos comerciantes, quilos de discos, porque non pode ser, e senon que vaian aparcar a outro sitio, na Avda. de Galicia ou no aparcadoiro.

Por parte do Sr.Alcalde se reitera que non pode ser pero se ACISA quere, pode editar con outro logotipo, como se unha tenda os quere editar por si mesma, adiante, e igual non está o Alcalde no uso da palabra asesorado para dicir isto pero o dí porque sí que ve que non se multa a xente doutros Concellos que utilizan outros discos e se xustifica que está colaborando; que se alguén os quere que os faga , pero o Concello ten que garantir que ninguén quede sen discos e iso vai ser así , e que agora de ahí a mais non o pode facer e que o salto seguinte sería , e que ninguén diga que o dixo, unha máquina de tiques e pagar como “zona ORA”, é a segunda fase, é que o goberno que o faga será responsable de bota-los clientes da zona porque alí habería que pagar, e así elimínase o problema dos discos.

Deliberase por parte de varios Concelleiros sobre esta problemática e se conclúe tras da deliberacion, polo Alcalde, en relación ao rogo, que non ten problema, e se ACISA o quere editar ou os comercios terán luz verde para facelo.

Incidentalmente por parte do Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI se formula un último rogo de que se reparen os letreiros rotos das parroquias e pon varios exemplos de sinais deterioradas.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que o rogo se acepta.

E sen mais asuntos que tratar sendo as vintetrés horas levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

